



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao

Rúa PARAÍSO s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881880883 secretaria 881880



ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>

CEIP “ALFONSO D. RODRÍGUEZ CASTELAO” ORDES – A CORUÑA

PROGRAMACIÓN ANUAL - 5º CURSO

- Lingua Castelá e Literatura.
- Matemáticas.
- Lingua Galega e Literatura.
- Ciencias da Natureza.
- Ciencias Sociais.
- Valores Sociais e Cívicos.

CURSO 2021-2022

José Quinteiro Vieites (titor de 5.º A)

Mª José Carballeiro Prieto (titora de 5.º B); SUBSTITUTA Vanessa Nieves Nieto

Mª Yolanda López Poceiro (titora de 5.º C)



1.XUSTIFICACIÓN.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

2.1 Características do entorno.

2.2 Características do alumnado de 5º.

3.DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

4. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

5. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

6. PROXECTO LECTOR

7. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

8. ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

10. CONMEMORACIÓNS

11. AVALIACIÓN

11.1. Avaliación inicial

11.2 Criterios de avaliación

11.3 Estándares de aprendizaxe

12. AVALIACIÓN DO PROFESORADO E PROGRAMACIÓN

13. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA TODO O ALUMNADO QUE NON TEÑA NINGUNHA MATERIA SUSPENSA

14. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR



1. XUSTIFICACIÓN

O presente curso escolar desenvólvese nun escenario económico-social moi diferente ao habitual, debido á situación de pandemia mundial con motivo da aparición do virus SARS-COV-2. Este feito, de igual modo que é determinante para a vida comunitaria tamén o é especialmente no ámbito educativo.

O sistema educativo debe adaptarse a esta situación e tentarase nesta programación didáctica reflexar este proceso no que nos atopamos mediante o cal pretendemos ante todo que *nadie se quede no camiño*. Tentarase, no momento no que isto se converteu nun aspecto fundamental, reducir ao mínimo posible as diferencias do alumnado no que respecta ao seu rendemento académico a pesares das diferentes socioeconómicas das distintas familias.

Para isto realizaranse modificacións didácticas tanto na aula como prevendo a posible aparición de situacións excepcionais como as sucedidas no pasado curso 2020/2021 que motiven a ausencia de clases presenciais.

As referencias legislativas básicas serán:

- Artigo 27 da Constitución, que proclama o dereito á Educación.
- *Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*
- DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 09/09/14). *Deroga o Decreto 130/2007, do 28 de xuño.*
- Orde de xuño do 2.016 polo que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa E. Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2021- 2022.
- Orde do 8 de setembro de 2021 polo que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



2. CONTEXTUALIZACIÓN

Os docentes necesitamos, como calquera outro profesional, planificar a nosa actividade. Esta planificación resulta imprescindible, por unha banda, para cumprir co establecido na normativa vixente e contextualizalo na nosa contorna, e, por outra, para afastarse da intuición e a improvisación.

Definimos o **termo programación** como: "o conxunto de accións mediante as cales se transforman as intencións educativas máis xerais en propostas didácticas concretas que permitan alcanzar os obxectivos previstos".

Con este documento pretendemos concretar, na medida do posible, a nosa acción docente ás diferentes normativas legais. Deste xeito, a LOMCE establece uns principios fundamentais que vertebrarán o desenvolvemento do noso traballo. Estes son:

Proporcionar unha **educación de calidade** que permita que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento de tódalas súas capacidades, individuais e sociais, intelectuais, culturais e emocionais para o que necesitan recibir unha educación adaptada ás súas necesidades. En suma, trátase de mellorar o nivel educativo de todo o alumnado, conciliando a calidade da educación coa equidade do seu reparto.

A necesidade de que tódolos compoñentes da **comunidade educativa colaboren**. A combinación de calidade e equidade que implica o principio anterior esixe ineludiblemente a realización dun esforzo compartido.

Débese concibir a formación coma un **proceso permanente**, que se desenvolve durante toda a vida. Hoxe sábese que a capacidade de aprender mantense ao longo dos anos, aínda que cambien o modo no que se aprende e a motivación para seguir formándose. Fomentar o aprendizaxe ao longo de toda a vida implica, ante todo, proporcionar unha educación completa, que abarque os coñecementos e as competencias básicas que resultan necesarias na sociedade actual.

A actividade dos centros docentes recae, en última instancia, no profesorado que neles traballa. Conseguir que todo o alumnado desenvolva ao máximo as súas capacidades, nun marco de calidade e equidade, converter os obxectivos xerais en logros concretos, adaptar o currículo e a acción educativa ás circunstancias específicas de cada centro, conseguir que os pais e as nais se impliquen na educación dos seus fillos, non é posible sen un profesorado comprometido na súa tarefa.

Por este motivo, como docentes desenvolveremos esta programación dende un **enfoque competencial**, posto que a consecución das competencias básicas constitúe o fin último do ensino obrigatorio e o principal referente para o deseño do resto de elementos curriculares de carácter prescriptivo. É importante xa que favorecen a converxencia do traballo educativo e supoñen un elemento medular, a elas pódese acceder dende distintos vértices.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao

Rúa PARAÍSO s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881880883 secretaria 881880



ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>

2.1 CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO

Ordes atópase nunha chaira a medio camiño entre Compostela e A Coruña. A altura sobre o nivel do mar oscila entre os 461 m nos montes do sur e os 450 m no norte e neste sentido flúen os cursos de auga, que desembocan case todos no río Tambre.

O concello ocupa 157 km² e un terzo da poboación reside na capital, Ordes. Está atravesado pola N-550, a AP-9 e polo ferrocarril entre A Coruña e Compostela.

Ordes é a capital da Mancomunidade de Ordes, composta tamén polos concellos de Trazo, Tordoia, Cerceda, Mesía, Frades e Oroso, cun total de 39.004 habitantes. O concello de Ordes está sobre os 13.000 habitantes, aproximadamente.

Na actualidade, un cuarto da poboación dedícase ao sector primario (especialmente gando bovino para o sector lácteo).

No que se refire ó sector secundario ou industrial, destaca o sector téxtil e a construción. Segundo a web do Concello de Ordes, en 2011 había rexistradas 21 empresas dedicadas á produción téxtil.

O sector terciario concéntrase na capital do concello e destacan empresas de comercio ao por menor que dan servizo non so a Ordes senón tamén ós Concellos da Mancomunidade de Ordes, cun sector comercial máis reducido

Respecto ao clima, as precipitacións son abundosas e superan os 1.500 mm anuais. A temperatura media é de 13 °C, se ben xea todo o ano excepto no verán. Boa parte do territorio está ocupado por lameiros e bosques de eucaliptos.



2.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DE 5º

Dita programación desenvolverase no ano académico 2021-2022, enmarcada no CEIP "A.D.R Castelao"- Ordes, no **5.º curso de E.P.** Contamos con tres aulas de quinto, cun total de **75 alumnos/as**.

GRUPO	Nº ESTUDANTES	OBSERVACIÓNS
AULA 5ªA	25	<ul style="list-style-type: none">- 1 estudante procedente do estranxeiro.- 3 estudantes diagnosticados con TEA (Trastorno Espectro Autista) e/ou TDAH (Trastorno Déficit de Atención e Hiperactividade)- 4 alumnos con materias pendentes de 4º. Un deles repetiu 2º
AULA 5ªB	25	<ul style="list-style-type: none">- 1 estudante que repetiu 1º de EP.- 1 estudante que repetiu 3º de EP.- 2 estudantes con 1 materia pendente de 4º curso de EP.- 1 estudante con 3 materias pendentes de 4º curso de EP.- 2 alumnos diagnosticado de TDAH
AULA 5ªC	25	<ul style="list-style-type: none">- 1 alumno que repetiu 1º curso con 3 materias pendentes de 4º.- 1 alumno incorporado neste curso ao centro que presenta dificultades de aprendizaxe por incorporación tardía.- 1 alumno diagnosticado de TDAH.

Esta programación foi elaborada e consensuada polas tres compañeiras de nivel.

3. DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Tal e como establece a LOMCE cada unha das áreas curriculares **contribúe ao desenvolvemento das diferentes competencias**. Polo que, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas.

A nosa intervención docente ven determinada polo establecido noutros niveis, basicamente a administración educativa e o noso centro, analizando o **Proxecto Educativo** do mesmo para levar a cabo dita programación, que se adapta e aplica aos **principios e valores** que nel se establecen, entre estes destacamos:

O valor formativo da tarefa escolar estará no primeiro plano, por medio da adquisición de valores éticos (liberdade, tolerancia e solidariedade). Levarase a cabo unha educación no pluralismo e nos valores democráticos, traballaranse os contidos dos temas transversais e practicarase a coeducación.



Os contidos transversais serán incorporados tanto ás programacións como á vida diaria no Colexio.

A actuación do Centro tenderá a desenvolver as potencialidades do alumnado, ofrecendo unha resposta individualizada e axeitada ás características persoais e sociais.

Considerando a realidade sociolingüística das familias e do contorno no que está encravado o Centro, e tendo en conta a normativa vixente, a lingua vehicular que se empregará en tódalas actividades e comunicacións oficiais, tanto internas como externas, será a galega.

4. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá
- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.



- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

5. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

- O referente a seguir será o plan de atención á diversidade vixente no centro reflectido no P.E.C.
- Acadar o maior número de datos relativos aos nenos a hora de entrar no colexio e abordar os problemas que se vaian detectando canto antes é prioritario.
- A diversidade debe ser entendida en todo momento, non só como atención aos alumnos/as de NEAES senón a todas as diferenzas, socio-económicas, de integración lingüística, diferenza de capacidades, intereses e motivacións.
- Atenderase de xeito especial aos estudantes procedentes do estranxeiro, presentes nos tres cursos do nivel; incidindo fundamentalmente na súa integración no grupo aula e no centro, e reforzando os aspectos académicos que o requiran.
- É preciso manter canles que permitan unha boa coordinación dos mestres e buscar o maior apoio das familias.
- A atención en cada caso será individualizada.
- É moi importante a acción titorial e orientadora.
- Cando sexa necesario estableceranse apoios individuais para os nenos que o necesiten. Programaranse diferentes apoios fóra e/ou dentro da aula ordinaria con diferentes sesións á semana, para apoiar aqueles alumnos/as cun ritmo de aprendizaxe lento.

6. PROXECTO LECTOR



Adequar as actividades propostas desde a biblioteca favorecendo a consulta do material da biblioteca e o fomento da lectura de material propio da materia que se imparte e traballos de búsqueda e relación.

As actividades de fomento da lectura quedan reflectidas no PLC.

ACCÍONS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR.

- Organizar exposicións de libros preferidos.
- Iniciación na lectura de contos na biblioteca de aula.
- Organizar pequenas representacións de diferentes tipos de textos.
- Promover o intercambio de libros propios entre os alumnos.
- Servizo de préstamo na biblioteca do centro.
- Unha sesión diaria de animación á lectura.

7. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

Fomento do uso das novas tecnoloxías por medio dos recursos informáticos do centro educativo. Este apartado será fundamental neste curso escolar debido ás situacións de educación non presencial que debemos prever que se poidan producir.

Prevese que se poidan producir situación de ensino presencial, semi-presencial ou totalmente a distancia. Este feito provoca unha necesidade maior da competencia dixital e o manexo no uso das TIC por parte de todo o alumnado.

Parte do alumnado, segundo as enquisas realizadas polas titoras a comezos do curso, carece dos medios necesarios para seguir este tipo de ensino online. Na meirande parte dos casos non contan con equipos informáticos e algúns deles nin sequera con unha axeitada conexión a internet.

Traballaremos na aula:

- Emprego da aula virtual, correo electrónico e outras ferramentas de comunicación (Abalar)
- Manexo de procesador de textos: para facer pequenos escritos.
- Busca de información.
- Procura de información a través dos equipos da biblioteca do centro.
- Empregar o ordenador como medio de creación, integración, cooperación e potenciación de valores sociais e de expresión de ideas de cada un.
- Establecer as adecuacións que as TICS ofrecen ante casos da diversidade dos educandos: desenvolve-lo ensino do linguaxe oral, escrito, atención, memoria, operacións lóxico-matemáticas, facendo uso dos novos recursos.



8. ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Prevese que se poidan producir episodios durante o vindeiro curso no que a totalidade do alumnado ou parte dela teña que realizar unha actividade lectiva non presencial.

O protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, versión do 6/07/2021, publicado pola Consellería de Educación contempla a elaboración dun Plan de Continxencia, cuxos principios se recollen a continuación:

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos achegados polo profesorado. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- Actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O desenvolvemento e participación nas diferentes actividades quedará a expensas da oferta que vaia xurdindo, dos acordos tomados polo claustro e os respectivos equipos de nivel ao longo do curso 2021/22; así como da situación de evolución da pandemia ao longo do curso escolar. Participarase en todas aquelas actividades organizadas dende o equipo de EACE, EDLG, Biblioteca, Tics, Equipo de Nivel,... que cada titor/a considere oportunas.

10. CONMEMORACIÓNS

– 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.

– 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.



-
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2021: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
 - 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
 - 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
 - 24 de xaneiro de 2021: Día Internacional da Educación.
 - 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
 - 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.
 - 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller
 - 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
 - Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
 - 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
 - Entre o 18 ao 22 de abril de 2022: Semana do Libro.
 - 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
 - 9 de maio de 2022: Día de Europa.
 - Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
 - 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Ambiente.

11. AVALIACIÓN

A avaliación contemplarase deste xeito en todas as unidades didácticas de todas as áreas que se desenvolven ao longo desta programación anual.

11.1. AVALIACIÓN INICIAL

Realizarase a comezos de curso unha avaliación inicial para coñecer o proceso de aprendizaxe no que se atopa o alumnado.



11.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

11.2.1. CON ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Con respecto aos criterios de avaliación especificamos que todos os contidos avaliados mediante probas escritas e orais, terán un peso na cualificación final dun **60%**.

O **40%** restante estará constituído por criterios actitudinais e procedementais que serán:

- Atención e actitude na aula.
- Participación nas actividades de aprendizaxe propostas na aula de orde voluntario ou obrigatorio.
- Remate das tarefas e traballos en tempo e condicións esixidas.
- Responsabilidade de traer e coidar o material propio e alleo.
- Etc.

11.2.2. CON ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

No caso de producirse un ou varios episodios de actividade lectiva non presencial os criterios de avaliación serán os seguintes:

Os contidos avaliados mediante probas escritas e/ou orais mediante videoconferencia ou aula virtual terán un peso na cualificación dun **40%**.

O **60%** restante estará constituído por criterios actitudinais e procedimentais, que serán:

- Participación nas actividades de aprendizaxe propostas na aula virtual
- Remate das tarefas e traballos en tempo e condicións esixidas.
- Interese e esforzo na realización de tarefas
- Presentación de traballos
- Orixinalidade e creatividade
- Etc.

11.3 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Ver anexo de programación.

12. AVALIACIÓN DO PROFESORADO E PROGRAMACIÓN

Avaliar a práctica docente significa converter a actividade docente en obxecto de reflexión. O mestre é quen dirixe e organiza os procesos de ensino-aprendizaxe e posúe a primeira e máis directa fonte de información, polo que é un dos pilares básicos nos que se apoia o sistema educativo; así



que as actuacións deben ser obxecto prioritario de avaliación. Polo tanto avaliaremos unha serie de ítems establecidos e consensuados polo grupo de Mestres.

Esta avaliación é un proceso de investigación e de reflexión sobre a práctica docente. Pódese realizar en equipo pero tamén individualmente, os **instrumentos** a empregar son: diario do mestre, análise de documentos, táboa de avaliación mestre-proceso.

A avaliación será inicial, procesual e final; o mestre está constantemente avaliando o seu proceso e mediante as reunións periódicas cos demais mestres avalía o proceso de ensino-aprendizaxe.

Para finalizar este apartado non nos podemos esquecer de avaliar o propio proceso de avaliación, denominado **Metaavaliación**, o cal se levará a cabo durante todo o curso pero terá maior importancia despois das sesións de avaliación, onde se reflexionará sobre o mesmo.

13. PLANS DE REFORZO E RECUPERACIÓN

13.1. PLAN PARA TODO O ALUMNADO QUE NON TEÑA NINGUNHA MATERIA SUSPENSA

Unha vez rematada a avaliación inicial durante o mes de setembro poderase avaliar que contidos foron adquiridos e en que grao o fixeron. As particularidades socioeconómicas e familiares de cada estudante determinaron en gran medida a consecución das aprendizaxes propostas. Non será ata o momento de ter rematada a avaliación inicial que se poida coñecer con exactitude que contidos se deben reforzar en que medida. Tendo en conta que se trata de contidos recorrentes ao longo do currículo da Educación Primaria, retomaranse esas aprendizaxes no momento que a temporalización deste curso fixa para cada bloque temático.

13.2. PLAN INDIVIDUAL PARA O ALUMNADO CON MATERIAS SUSPENSAS

Requirirase para este alumnado reforzo educativo con profesorado dentro da aula durante o curso para tratar de superar canto antes as materias suspensas.

Expóñense a continuación os principais aspectos a reforzar e recuperar nas diferentes materias:

MATEMÁTICAS Contidos básicos a reforzar:

Todos aqueles relacionados co razoamento matemático (problemas), co cálculo e coa comprensión de enunciados.

Metodoloxía:

- Levaremos a cabo una metodoloxía construtiva, partindo dos coñecementos previos do/a alumno/a favorecendo a manipulación, observación e experimentación.



- Prestaráselle unha atención individualizada respecto ás tarefas de razoamento de problemas.
- Faránselle actividades de recuperación e reforzo.
- Utilizarase a reiteración e a redundancia.
- Darémoslle todo tipo de reforzos positivos.
- Apoio dunha segunda mestra con dispoñibilidade horaria dentro da aula, preferentemente para reforzar as aprendizaxes instrumentais básicas.

Materiais de apoio: (Os contemplados na programación anual).

- Libros de texto, fichas.
- Material audiovisual.
- Ferramentas dixitais con recursos e xogos interactivos.
- Materiais manipulativos.

Avaliación

Será global, continua e formativa. Teremos en conta o seu traballo diario, valorando o seu esforzo e actitude positiva cara a aprendizaxe. Será moi importante ver de onde partiu e a onde chegou.

Os referentes de dita avaliación serán os establecidos na programación de aula elaborada a partir do Decreto 105/2014 que establece o currículo de Educación Primaria en Galicia.

LINGUAS

Contidos básicos a reforzar:

Todos aqueles relacionados coa escritura de exercicios (caligrafía, ortografía, acentuación, puntuación...), coa exactitude e a velocidade lectoras e coa comprensión lectora.

Metodoloxía:

- Levaremos a cabo una metodoloxía construtiva, partindo dos coñecementos previos do alumno favorecendo a manipulación, observación e experimentación.
- Faránselle actividades de recuperación e reforzo.
- Utilizarase a reiteración e a redundancia.
- Darémoslle todo tipo de reforzos positivos.



Materiais de apoio: (Os contemplados na programación anual).

- Libros de texto, fichas.
- Material audiovisual.
- Ferramentas dixitais con recursos e xogos interactivos.
- Materiais manipulativos.

Avaliación

Será global, continua e formativa. Teremos en conta o seu traballo diario, valorando o seu esforzo e actitude positiva cara a aprendizaxe. Será moi importante ver de onde partiu e a onde chegou.

Os referentes de dita avaliación serán os establecidos na programación de aula elaborada a partir do Decreto 105/2014 que establece o currículo de Educación Primaria en Galicia.

**NATURAIS
SOCIAIS**

E Contidos básicos a reforzar:

Os referidos a actitudes e procedementos, posto que non hai desfase curricular.

Metodoloxía:

- Levaremos a cabo una metodoloxía construtiva, partindo dos coñecementos previos do/a alumno/a favorecendo a manipulación, observación e experimentación.
- Tentaremos desenvolver tanto a motivación intrínseca como a extrínseca.
- Empregaremos as TIC's como ferramenta de aprendizaxe lúdica e motivadora.

Materiais de apoio: (Os contemplados na programación anual).

- Libros de texto, fichas.
- Material audiovisual.
- Ferramentas dixitais con recursos e xogos interactivos.
- Materiais manipulativos.

Avaliación

Será global, continua e formativa. Teremos en conta o seu traballo diario, valorando o seu esforzo e actitude positiva cara a aprendizaxe. Será moi importante ver de onde partiu e a onde chegou.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao

Rúa PARAÍSO s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881880883 secretaría 881880



ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaordes/>

Os referentes de dita avaliación serán os establecidos na programación de aula elaborada a partir do Decreto 105/2014 que establece o currículo de Educación Primaria en Galicia



14. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR

ÁREA DE LINGUA CASTELÁ

OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

1. Comprender de forma oral tendo en conta as características das diferentes situacións de comunicación.
2. Utilizar de forma axeitada os aspectos normativos da lingua.
3. Potenciar o uso creativo da lingua.
4. Expresar con claridade, ordeada e coherentemente, vivencias, ideas, observacións, sentimentos, etc.
5. Elixir as formas de comprensión e expresión axeitadas ás diferentes situacións e intencións comunicativas.
6. Valorar e aceptar as aportacións propias e as dos demais, respectando as normas do intercambio comunicativo.
7. Extraer información da lectura de textos cunha finalidade previa: seleccionar, rexistrar, buscar, recompilar e procesar a información.
8. Comprender textos escritos e outros realizados con signos de diferentes códigos, en diferentes contextos.
9. Coñecer e utilizar o valor da lectura como unha actividade indispensable e insustituible para ampliar o coñecemento como un elemento de entretemento e diversión, gozo, información, resolución de problemas, enriquecemento cultural.
10. Producir textos escritos propios da vida social da aula, como modelo de comunicar coñecementos, experiencias e necesidades (normas, notas, cartas, avisos, circulares...) de acordo coas características propias destes xéneros.
11. Redactar diversos tipos de texto: contos, redaccións, descrições, cartas, reportaxes, normas, poemas, adiviñas, trabalinguas, escritos incorporando as TIC...
12. Disfrutar na elaboración e na produción de textos escritos seguindo as normas e as pautas básicas de ortografía, sintaxe, vocabulario...
13. Buscar, recoller e procesar información mediante o emprego eficaz da lingua.



-
14. Coñecer a estrutura dos textos propios do ámbito académico-escolar (cuestionarios, resumos, informes, descrições, explicacións...), e aplicar estes coñecementos á comprensión e á produción de textos para coñecementos, experiencias e necesidades persoais.
 15. Manexar de forma eficaz os recursos aprendidos para aplicalos correctamente en tódalas demais áreas que conforman o currículo, sendo conscientes do uso efectivo da lingua no seu aprendizaxe persoal e na comunicación.
 16. Utilizar, de maneira dirixida, as tecnoloxías da información e a comunicación –TIC– e os diferentes tipos de bibliotecas (de aula, de centro e da localidade) amosando respecto polas súas normas de funcionamento, coa finalidade de obter información e modelos para a composición escrita.
 17. Compoñer textos de información e de opinión propios dos medios de comunicación social sobre acontecementos que resulten significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas ao director, utilizando soportes do ámbito escolar: rede WiFi, Notebook e páxina web do colexio e da localidade.
 18. Saber utilizar distintas fontes de información para a elaboración de traballos e transmitir a información en distintos soportes, extraendo delas o seu máximo rendemento.
 19. Desenvolver o gusto literario e a capacidade estética, de maneira que facilite a comprensión e a expresión de ideas e sentimentos.
 20. Explorar e aplicar as posibilidades expresivas básicas da lingua oral e escrita, adquirindo seguridade nas propias habilidades comunicativas e usos persoais da linguaxe.
 21. Compoñer por escrito, de forma cada vez máis complexa, ordeada e coherente, ideas, vivencias, sentimentos, feitos reais e fantásticos, tanto en prosa coma en verso.
 22. Identificar e apreciar a unidade e a diversidade lingüística española.
 23. Valorar estas expresións lingüísticas coma un feito cultural enriquecedor para todos.
 24. Analizar o valor da lingua coma instrumento de transmisión de diferentes valores.
 25. Desenvolver o hábito e o gusto pola lectura, adicándolle parte do tempo libre dispoñible.
 26. Ler en voz alta e en silencio e utilizar a lectura como medio de diversión, gozo e de aprendizaxe.
 27. Ler de forma comprensiva e expresiva textos como medio de afianzar, consolidar e reforzar o uso da lingua, ampliar vocabulario, normas ortográficas, apreciar valores artísticos e culturais.



COMPETENCIAS CLAVE

1. Competencia en comunicación lingüística.

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descriptor en cada unha das unidades didácticas.

Debido ao carácter da área, trataremos de que adquiran as destrezas comunicativas no uso da lingua. Será unha prioridade dotar o alumnado de estratexias que favorezan unha correcta aprendizaxe e que lle aseguren un manexo efectivo nas situacións cotiás e en diferentes contextos nos que se encontre.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade situacións cotiás contendo elementos matemáticos. Así mesmo, ofrece a posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados para poder desenvolver así a utilización da linguaxe como instrumento para poder comunicarse e expresarse a diferentes niveis.



Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais acerca da visión social sobre a estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

3. **Competencia dixital:**

Ser competente na utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Dende esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

Na área de Lingua Castelá e Literatura adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.



- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

4. **Competencias sociais e cívicas:**

A área de Lingua Castelá e Literatura pídenos desenvolver unha serie de actitudes e valores que nos van levar a saber desenvolvernos na sociedade na que vivimos. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

5. **Conciencia e expresións culturais:**

A través da lingua, podemos coñecer o mundo no que vivimos, o ámbito que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente dende a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións dende códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.



- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

6. Competencia para aprender a aprender:

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo a aquilo que nos formulamos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia son:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

7. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Lingua Castelá e Literatura esixe un proceso de ensino-aprendizaxe activo. O enfoque comunicativo radica na necesidade de utilizar a lingua. Será necesario iniciar o alumnado en adestrar diferentes habilidades de emprendemento como unha forma de consolidar as diferentes ferramentas para comunicarse.

Neste caso, os descritores que cómpre adestrar son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.



-
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
 - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
 - Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
 - Encontrar posibilidades no ámbito que outros non ven.
 - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.
 - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

METODOLOXÍA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante: o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos, e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Lingua Castelá e Literatura:

Os alumnos han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar o alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas dende a **teoría das Intelixencias Múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área os alumnos iníciense no desenvolvemento das habilidades da linguaxe, por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o **traballo en grupo colaborador** como unha forma de adestrar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

Os contidos da área de Lingua Castelá están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a **contexto real**. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e se poida aplicar a proxectos reais próximos ao alumnado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao

Rúa PARAÍSO s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881880883 secretaria 881880

ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>



ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar.

Diversidade de situacións comunicativas, espontáneas ou dirixidas.

A linguaxe oral coma instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas. Comentario e opinión persoal. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo.

Intencións e funcións da comunicación oral: comprensión de mensaxes verbais e no verbais.

Estrutura e características das mensaxes orais segundo a súa tipoloxía (narrativos, descritivos, argumentativos, expositivos e instrutivos) en situacións comunicativas diversas procedentes de distintos medios de información e comunicación (léxico, entoación, recursos expresivos).

Comprensión de textos orais, dedución do significado das palabras segundo o contexto. Ideas principais e secundarias.

Audición, reprodución e dramatización de textos breves e sinxelos axeitados a súa idade.

Expresión e produción/presentación de textos orais cotiás e formais na aula: presentarse, contar experiencias persoais, expresar estados de ánimo, ordear os pasos dun proceso...

Recursos da linguaxe oral: medios de comunicación audiovisual, Internet, documentos videográficos e sonoros, etc.

Bloque 2: Comunicación escrita: ler.

Recursos gráficos na comunicación escrita. Consolidación do sistema de lectoescritura.

Comprensión de textos lidos en voz alta e en silencio.

Audición de diferentes tipos de textos.

Comprensión de textos segundo a súa tipoloxía.

Lectura de distintos tipos de texto: descritivos, argumentativos, expositivos, instrutivos, literarios.

Estratexias para a comprensión lectora de textos: título. Ilustracións. Palabras clave. Capítulos. Relectura. Anticipación de hipóteses e comprobación. Sínteses. Estrutura do texto. Tipos de textos. Contexto. Dicionario. Sentido global do texto. Ideas principais e secundarias. Resumo.

Gusto pola lectura. Hábito lector. Lectura de diferentes textos como fonte de información, de deleite e de diversión.

Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao

Rúa PARAÍSO s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881880883 secretaria 881880

ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaordes/>



Uso da biblioteca para a búsqueda de información e utilización desta como fonte de aprendizaxe.

Selección de libros segundo o gusto persoal.

Plan lector.

Bloque 3: Comunicación escrita: escribir.

O texto escrito como fonte de información, de aprendizaxe e de diversión.

Produción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades: narracións, descripcións, textos expositivos, argumentativos e persuasivos, poemas, diálogos, entrevistas e enquisas.

Cohesión do texto: enlaces, substitucións léxicas, mantemento do tempo verbal, puntuación.

Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios, anuncios...

Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, estrutura...), revisión e mellora do texto.

Aplicación das normas ortográficas e signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, guion, dous puntos, puntos suspensivos, raia, signos de entoación, parénteses, comiñas). Acentuación.

Caligrafía. Orde e presentación.

Ditados. Plan de escritura.

Bloque 4: Coñecemento da lingua.

Elementos da comunicación: emisor, receptor, canal, código, mensaxe e contexto.

Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinantes, pronomes, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.

Manexo progresivamente autónomo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre o uso da lingua.

Coñecemento e aplicación progresiva das normas ortográficas que se integran nas situacións de comunicación escrita regulando e asegurando a fluidez no intercambio comunicativo.

Observación, reflexión e explicación das relacións semánticas das palabras (sinonimia, antonimia e polisemia) e das súas modificacións e asociacións significativas (metáfora).



Recoñecemento e explicación das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal.

Recoñecemento e explicación das funcións oracionais: suxeito e predicado.

Observación, reflexión e descrición dos requisitos que deben cumprir os enunciados para converterse en texto: unidade temática, estrutura axustada á intención comunicativa e cohesión de todas as súas partes.

Recoñecemento e uso dalgúns conectores textuais.

Recoñecemento da realidade plurilingüe de España.

Bloque 5: Educación literaria.

O texto literario como fonte de comunicación, de placer, de xogo, de entretemento, de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, de aprendizaxe, e como medio de organizarse e resolver problemas da vida cotiá.

A literatura: textos literarios e textos non literarios. Prosa e verso. O conto: a estrutura. O teatro: personaxes e acotacións. Poesía: verso e estrofa. Recursos literarios: a comparación. Os contos populares. Recursos literarios: a personificación. O teatro: actos e esceas. Poesía: a rima. As fábulas. Recursos literarios: a metáfora. As lendas.

Textos propios da tradición literaria: textos de tradición oral (lendas, cancións populares, contos...), textos de xénero narrativo (contos, biografías, autobiografías, novela realista, de aventuras, de misterio, de ciencia ficción, de fantasía) e textos doutros xéneros (teatro ou poesía).

Identificación de recursos literarios.

Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades encomendadas.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.

Os procedementos e instrumentos de avaliación reseñados no apartado anterior procurarán determinar:

- Grao de adquisición das competencias clave



- Nivel de consecución dos obxectivos mínimos.
- Participación do alumnado nas actividades propostas.
- Actitude cara as aprendizaxes e coidado dos materiais.
- Actitude fronte o traballo cooperativo e a interacción cos compañeiros.
- Orde e limpeza na presentación dos traballos.
- As medidas adoptadas para facilitar a aprendizaxe do alumnado, e o seu grao de adecuación e de éxito.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.

1. Producir e presentar textos orais axeitados a diferentes situacións de comunicación dirixidas ou espontáneas, utilizando a linguaxe oral como unha forma de comunicación e expresión persoal.
2. Utilizar a linguaxe oral para comunicarse, sendo capaz de escoitar e recoller datos, expresando oralmente a súa opinión persoal, axeitada á súa idade (turno de palabra, pedir permiso, desculpas, peticións, suxerencias...).
3. Recoñecer a información verbal e a non verbal dos discursos orais, localizando o máis importante da información.
4. Comprender e producir textos orais sinxelos segundo a súa tipoloxía: narrativos, descritivos, informativos, instrutivos e argumentativos.
5. Utilizar un vocabulario preciso e axeitado ás diferentes formas textuais.
6. Comprender o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e as secundarias e deducindo o significado das palabras.
7. Memorizar e reproducir contos, historias, textos breves e sinxelos cercanos aos seus gustos e intereses, representando pequenas obras de teatro, axudándose dos recursos expresivos axeitados.
8. Saber valorar a utilidade de expresarse con corrección e soltura na vida social e escolar.
9. Comentar con capacidade crítica o contido, a linguaxe e a finalidade de textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación.
10. Expresar oralmente con pronunciación, entoación, ritmo e volume axeitados distintos tipos de mensaxes, en diferentes situacións e finalidades comunicativas.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler.



1. Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación axeitada.
2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.
3. Ler en silencio diferentes textos valorando o progreso na velocidade e a comprensión.
4. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e as secundarias.
5. Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole.
6. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.
7. Utilizar textos científicos en diferentes soportes para recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais.
8. Concentrarse en entender e interpretar o significado dos textos lidos.
9. Utilizar as TIC de xeito responsable para a búsqueda e o tratamento da información.
10. Levar a cabo o plan lector que dé resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia lectora e fomenta o gusto pola lectura.

Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.

1. Utilizar a lingua, de forma oral e escrita, para formular e responder a preguntas, narrar historias e expresar sentimentos, experiencias e opinións.
2. Producir textos con intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas, coidando a caligrafía, a orde e a presentación.
3. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e as alleas.
4. Utilizar o dicionario como recurso para resolver dúbidas sobre a lingua, o uso ou a ortografía das palabras.
5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.
6. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando caudais que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética.
7. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.



8. Levar a cabo o plan de escritura que dea resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia escritora e fomente a creatividade.

9. Utilizar as TIC de modo efectivo e responsable para presentar as súas producións.

Bloque 4: Coñecemento da lingua.

1. Identificar os compoñentes básicos de calquera situación comunicativa.

2. Aplicar os coñecementos sobre a lingua para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos, utilizando a terminoloxía gramatical necesaria para a explicación dos diversos usos da lingua.

3. Manexar con precisión os dicionarios da lingua española e recoñecer as abreviaturas utilizadas, seleccionando, entre as diferentes acepcións dunha palabra, a máis apropiada para o seu uso.

4. Utilizar con corrección as normas que regulan a ortografía nos textos escritos axustando progresivamente a súa produción en situacións reais de comunicación escrita ás convencións establecidas.

5. Comprender, explicar e valorar as relacións semánticas que se establecen entre as palabras.

6. Recoñecer no substantivo a palabra nuclear do grupo nominal identificando todas as palabras que o integran.

7. Entender o concepto de texto partindo da lectura de textos de diversa índole que se axusten a obxectivos comunicativos diversos e próximos á realidade.

8. Identificar e explicar o papel que desempeñan algúns conectores textuais no texto (substitucións pronominais, sinónimos, hiperónimos, elipses...).

9. Recoñecer a realidade plurilingüe de España valorándoa como unha riqueza do noso patrimonio histórico e cultural.

Bloque 5: Educación literaria.

1. Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de disfrute e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia.

2. Integrar a lectura expresiva e a comprensión e a interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar, recoñecendo e manexando algúns recursos da linguaxe literaria (metáforas, personificacións e xogos de palabras) e diferenciando as principais convencións formais dos xéneros.



3. Utilizar as bibliotecas de aula e de centro para obter información e disfrutar da lectura de obras literarias apropiadas.

4. Elaborar contos e poemas sinxelos, seguindo patróns característicos, empregando de forma coherente a lingua escrita e a imaxe.

5. Identificar e corrixir, en textos orais e escritos, os rasgos e as expresións que manifesten discriminación social, cultural, étnica e de xénero.

6. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias ou dos compañeiros, utilizando axeitadamente os recursos básicos dos intercambios orais e da técnica teatral.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.

1.1. Produce textos orais que nos permitan realizar unha gran variedade de funcións comunicativas (pedir e dar información, expresar sentimentos, opinións, acordo, desacordo, etc.) .

2.1. Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección respectando as normas da comunicación: turno de palabra, organización do discurso, participación respectuosa e certas normas de cortesía dentro da comunicación oral.

2.2. Escoita as intervencións dos compañeiros, mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos demais.

3.1. Manexa o xesto e a entoación como elementos extralingüísticos no discurso oral.

3.2. Participa nas actividades de comunicación e expresión oral, expoñendo argumentos, plantexando ideas e opinións e comprendendo o máis importante da información.

3.3. Integra recursos non lingüísticos na narración de experiencias persoais e na exposición de coñecementos.

4.1. Participa en actividades de comunicación na aula producindo textos orais segundo a súa tipoloxía, valorando e respectando as normas que rexen a interacción oral:

- Exprésase oralmente en diferentes situacións: debates, diálogos, exposicións, entrevistas.

- Elabora entrevistas para pedir información.

- Realiza unha intervención oral expositiva ou narrativa, previamente preparada, cun discurso ordeado facendo uso axeitado dos conectores temporais, coherente e intelixible formulado.



5.1. Utiliza un vocabulario axeitado á súa idade, nas diferentes formas textuais (descrición de obxectos, personaxes, lugares, esceas, etc.).

5.2. Manexa o dicionario de forma habitual no seu traballo escolar.

6.1. Identifica o tema dun texto.

6.2. Resume oralmente un texto distinguindo as ideas principais e as secundarias, así como as referencias máis importantes para a comprensión do texto.

6.3. Presenta ideas, coñecementos e feitos, narrándoos e describíndoos de forma coherente e ordeada.

6.4. Identifica aspectos deducibles dun texto.

7.1. Le todo tipo de textos con fluidez, velocidade e eficacia, en voz alta, mostrando a altura, entoación, e ritmo axeitados ao seu contido.

7.2. Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios cercanos aos seus gustos e intereses.

7.3. Identifica as características expresivas en textos teatrais (admiracións, puntos suspensivos, pausas...).

7.4. Participa e representa oralmente historias, contos, pequenas obras de teatro infantís e xuvenís, etc., axudándose de xestos e recursos visuais.

8.1. Recoñece as vantaxes de comunicarse con corrección e fluidez.

9.1. Analiza criticamente as mensaxes que transmiten os medios de comunicación.

10.1. É capaz de expresar oralmente diferentes tipos de mensaxes e distintas necesidades comunicativas (expresión de desexos, gustos, preferencias, sentimentos e vivencias).

Bloque 2: Comunicación escrita: ler.

1.1. Le en voz alta diferentes tipos de textos axeitados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación axeitada.

1.2. Descodifica con precisión e rapidez todo tipo de palabras.

2.1. Entende a mensaxe, de maneira global, e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos lidos a partir da lectura dun texto en voz alta.

2.2. Mostra comprensión, con certo grao de detalle, de diferentes tipos de textos non literarios (expositivos, narrativos, descritivos e argumentativos) e de textos da vida cotiá.



-
- 3.1. Le en silencio coa velocidade axeitada textos de diferente complexidade.
- 3.2. Realiza lecturas en silencio resumindo brevemente os textos lidos.
- 4.1. Capta o propósito dos mesmos. Identifica as partes da estrutura organizativa dos textos e analiza a súa progresión temática.
- 4.2. Elabora resumos de textos lidos. Identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de textos.
- 4.3. Recoñece algúns mecanismos de cohesión en diferentes tipos de texto.
- 4.4. Produce esquemas a partir de textos expositivos.
- 4.4. Identifica a linguaxe verbal e non verbal na realización de carteis, murais e anuncios.
- 5.1. Interpreta o valor do título e das ilustracións.
- 5.2. Marca as palabras clave dun texto que axudan á comprensión global.
- 5.3. Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto.
- 5.4. Realiza inferencias e formula hipóteses.
- 5.5. Comprende a información contida nos gráficos, establecendo relacións coa información que aparece no texto relacionada cos mesmos.
- 5.6. Critica as mensaxes e valores transmitidos por un texto sinxelo.
- 5.7. Interpreta esquemas de chave, números, mapas conceptuais sinxelos.
- 6.1. Ten programado un tempo semanal para ler diferentes textos.
- 6.2. Le voluntariamente textos propostos polo mestre ou mestra. Compara e contrasta textos en base ao Plan Lector en base a diferentes aspectos (estrutura, temática, xénero, etc.)
- 7.1. É capaz de consultar diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para levar a cabo traballos individuais ou en grupo.
- 8.1. Deduce o significado de palabras e expresións con axuda do contexto.
- 8.2. Comprende textos periodísticos publicitarios. Identifica a súa intención comunicativa. Diferenza entre información, opinión e publicidade.
- 8.3. Infire, interpreta e formula hipóteses sobre o contido. Sabe relacionar os elementos lingüísticos cos non lingüísticos nos textos periodísticos e publicitarios.
- 8.4. Establece relacións entre as ilustracións e os contidos do texto, plantexa hipóteses, realiza predicións e identifica na lectura o tipo de texto e a intención.



8.5. Interpreta a linguaxe figurada, metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras en textos publicitarios.

9.1. Sabe utilizar os medios informáticos para obter información.

9.2. É capaz de interpretar a información e facer un resumo da mesma.

10.1. Utiliza a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento dunha biblioteca.

10.2. Expón os argumentos de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor, editorial, xénero, ilustracións. Participa en tertulias literarias.

10.3. Selecciona lecturas con criterio persoal e expresa o gusto pola lectura de diversos xéneros literarios como fonte de entretemento manifestando a súa opinión sobre os textos lidos.

Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.

1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá: diarios, cartas, correos electrónicos, imitando textos modelo.

1.2. Escribe textos do ámbito académico, cotiá ou social usando o rexistro axeitado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas. Crea textos propios asociados a imaxes.

1.3. Escribe diferentes tipos de textos axeitando a linguaxe ás características do xénero, seguindo modelos, encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escrita.

1.4. Cumprimenta correctamente formularios e impresos da vida cotiá: inscricións, solicitudes,...

2.1. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar, recollendo as ideas fundamentais, evitando parafrasear o texto e utilizando unha expresión persoal.

2.2. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas.

Reproduce textos ditados con corrección.

2.3. Emprega estratexias de busca e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guións, mapas conceptuais.

3.1. Utiliza habitualmente o dicionario, en papel ou en formato dixital no proceso de escritura.

3.2. Escribe ditados sistematicamente para mellorar na corrección ortográfica e gramatical.

4.1. Elabora gráficas a partir de datos seleccionados e organizados procedentes de diferentes textos (libros de consulta, periódicos, revistas, etc.).



4.2. Presenta un informe de forma ordeada e clara, utilizando soporte papel e dixital, sobre problemas ou situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións.

4.3. Elabora un informe seguindo un guión establecido que supoña a busca, a selección e a organización da información de textos de carácter científico, xeográfico ou histórico.

5.1. Pon interese e se esforza por escribir correctamente de forma persoal e creativa.

6.1. Expresa, por escrito, opinións, reflexións e valoracións argumentadas.

7.1. Valora a súa propia produción escrita, así coma a dos seus compañeiros.

8.1. Planifica e redacta textos seguindo uns pasos:

- Planificación, redacción, revisión e mellora.

- Determina con antelación cómo será o texto, a súa extensión, o tratamento autor-lector, a presentación, etc.

- Adapta a expresión á intención, tendo en conta o interlocutor e o asunto do que se trata.

- Presenta con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos.

- Reescribe o texto.

9.1. Usa con eficacia as tecnoloxías da información e la comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información.

9.2. Utiliza Internet e as TIC: reprodutor de vídeo, reprodutor de DVD, ordenador, reprodutor de CD-audio, cámara de fotos dixital e gravadora de audio como recursos para a realización de tarefas diversas: escribir e modificar un texto, crear táboas e gráficas, etc.

Bloque 4. Coñecemento da lingua.

1.1. Identifica e recoñece os compoñentes básicos da comunicación nas diferentes situacións comunicativas: emisor, receptor, canle, código, mensaxe e contexto.

2.1. Recoñece e identifica: substantivos, adxectivos, determinantes e pronomes, artigos, verbos, adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións.

2.2. Recoñece e corrixe erros de concordancia en textos propios e alleos aplicando os coñecementos adquiridos sobre as categorías gramaticais e as súas normas de uso.

2.3. Coñece e utiliza axeitadamente as formas verbais nas súas producións orais ou escritas.



2.4. Recoñece as relacións gramaticais que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal observando as regras de concordancia.

2.5. Diferenza entre determinantes e pronomes.

2.6. Explica e compara os usos do adxectivo calificativo: usos especificativos, explicativos e epíteto presentes nun texto e recoñece as diferenzas de significado.

3.1. Manexa o dicionario para buscar o significado daquelas palabras que descoñece.

3.2. Interpreta correctamente as abreviaturas utilizadas nos dicionarios.

3.3. Distingue e utiliza correctamente as diferentes acepcións dunha palabra explicando o seu significado nun texto.

4.1. Recoñece e corrixe progresivamente erros ortográficos en textos propios e alleos aplicando os coñecementos adquiridos na mellora progresiva da súa produción escrita.

4.2. Recoñece, explica e usa sinónimos e antónimos dunha palabra aplicando o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito.

4.3. Recoñece e explica as relacións polisémicas que se establecen nalgúns palabras aclarando o seu uso concreto nunha oración ou nun texto oral ou escrito.

4.4. Coñece o significado de palabras homófonas.

4.5. Distingue as onomatopeas.

5.1. Identifica o núcleo nun grupo nominal e explica a relación que mantén o resto de palabras do grupo co núcleo: artigo que determina, adxectivo que describe ou precisa ao nome...

6.1. Identifica o suxeito e o predicado de oracións.

7.1. Reflexiona e describe a intención comunicativa dun texto a partir da lectura de textos próximos á realidade.

8.1. Recoñece nun texto algúns conectores.

8.2. Selecciona e utiliza axeitadamente as substitucións pronominais e os sinónimos nun texto escrito para evitar a repetición valorando o uso dun léxico variado.

9.1. Localiza nun mapa as distintas linguas de España na actualidade.

9.2. Identifica e valora as linguas e os dialectos de España e respecta aos seus falantes.

Bloque 5. Educación literaria.

1.1. Le e comenta textos propios da literatura infantil e xuvenil (poesía, contos, lendas, etc.), utilizando, entre outras fontes, webs infantís.



1.2. Le obras e completa actividades propostas, expoñendo as súas opinións.

2.1. Manexa procedementos para a interpretación de textos, coma o subliñado de ideas esenciais, a relectura e a consulta no dicionario.

2.2. Elabora, de forma escrita ou dixital, contos e poemas, utilizando a imaxe para expresar situacións comunicativas concretas.

2.3. Utiliza un vocabulario axeitado segundo as diferentes situacións comunicativas adquirido a través da lectura de textos literarios e non literarios.

2.4. Interpreta a linguaxe figurada, metáforas, personificacións e xogos de palabras en textos literarios.

3.1. Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas.

3.2. Utiliza comparacións, metáforas, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios.

4.1. Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e pequenas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.

5.1. Selecciona textos orais e escritos dos medios de comunicación impresa, audiovisual e dixital, identificando rasgos e expresións que manifesten discriminación social, cultural, étnica e de xénero. Valora coñecementos doutros mundos, tempos e culturas que se desprenden da lectura de textos.

6.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios apropiados ou axeitados á súa idade e de textos de produción propia.

6.2. Memoriza e reproduce textos orais breves e sinxelos, contos, poemas, cancións, refráns, adiviñas, trabalinguas.

RECURSOS

- Biblioteca de aula e de centro
- Aula de informática.
- Material didáctico: Láminas de observación
- Recursos do entorno: (saídas, exposicións, teatro...)
- Contos para intercambio
- Recursos audiovisuais
- Libro do alumno, dicionario.
- Cadernos de comprensión lectora.
- Guía didáctica.
- Murais.
- Encerado.



TEMPORALIZACIÓN

UNIDADE	TEMAS	TEMPORALIZACIÓN
	Avaliación inicial	do 9 ao 17 de setembro
1	¡ TIEMPO DE DESCUBRIMIENTO!	do 20 de setembro ao 8 de outubro.
2	¡OÍDO, COCINA!	do 11 ao 29 de outubro
3	MI DIARIO DE VIAJE	do 1 ao 19 de novembro
4	¿QUIÉN ES?	do 22 de novembro ao 21 de decembro
5	CUÉNTAME UN CUENTO	do 10 ao 28 de xaneiro
6	¡ASÍ SOY YO!	do 31 de xaneiro ao 11 de febreiro
7	¡QUE EMPIECE LA FUNCIÓN!	do 14 de febreiro ao 4 de marzo
8	¡SINTONIZAMOS!	do 7 ao 25 de marzo
9	¡SOMOS IGUALES!	do 28 de marzo ao 8 de abril
10	¡ÚLTIMA HORA!	do 18 ao 29 de abril
11	¿QUE DICE ESE ANUNCIO?	do 2 ao 13 de maio
12	SOMOS REPORTERAS Y REPORTEROS	do 16 de maio ao 3 de xuño
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 6 ao 21 de xuño



AREA DE MATEMÁTICAS

OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS

1. Comprender o enunciado dos problemas identificando a situación problemática e os datos necesarios para a resolución.
2. Usar diversas estratexias de resolución de problemas aplicando as operacións coñecidas e comprobando as solucións.
3. Reflexionar sobre os problemas propostos formulando variacións, dúbidas e aplicacións.
4. Aplicar coñecementos e habilidades matemáticas noutros contextos e na vida cotiá.
5. Manexar habilidades de comunicación en distintos contextos no ámbito da materia.
6. Recoñecer bloqueos na materia e desenvolver estratexias persoais para vencelos.
7. Discernir sobre o uso de ferramentas tecnolóxicas de cálculo para a mellora da aprendizaxe na área.
8. Desenvolver estratexias e habilidades de traballo individual e en equipo.
9. Identificar e escribir os números naturais de 0 a 999 999 999.
10. Comprender o concepto de número natural e a súa aplicación nun contexto real.
11. Coñecer e aplicar algoritmos para a realización de operacións con números de 0 a 99 999 999 en sumas e restas.
12. Entender o concepto de medida e aplicalo na selección e no uso de instrumentos e magnitudes nun contexto real.
13. Describir, mediante conceptos sinxelos, aspectos sobre lonxitude, peso e capacidade.
14. Utilizar moedas e billetes para o pagamento de cantidades pequenas en contextos reais.
15. Distinguir e utilizar medidas de tempo de uso cotián con corrección.
16. Introducir, na súa linguaxe habitual, conceptos sobre relacións espaciais básicas: esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo...
17. Recoñecer figuras xeométricas básicas en contextos reais.
18. Iniciar procesos de interpretación de datos.
19. Ler, representar e interpretar os datos presentados ou recollidos en gráficos dobres.



-
20. Coñecer e aplicar os conceptos relativos á probabilidade, á media e á moda na vida real.
 21. Realizar operacións combinadas
 22. Coñecer os múltiplos e divisores dun número sinxelo.
 23. Localizar e representar as coordenadas dun punto no eixe de coordenadas.
 24. Ler, escribir, comparar e representar números decimais, mixtos e fraccionarios.
 25. Efectúa operacións de cálculo mental cos algoritmos básicos: suma, resta, multiplicación e división.
 26. Realizar operacións de medida de ángulos.

CONTIDOS

Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en Matemáticas.

- 1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.
- 1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.
- 1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.
- 1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.
- 1.5. Integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe.
- 1.6. Formulación de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.



Bloque 2. Números.

2.1. Números enteiros, decimais e fraccións.

2.2. A numeración romana.

2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.

2.4. Nome e grafía dos números de máis de seis cifras.

2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc.

2.6. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.

2.7. O número decimal: décimas, centésimas.

2.8. Fraccións propias e impropias. Número mixto. Representación gráfica.

2.9. Resolución de problemas da vida cotiá usando as fraccións.

2.10. Ordenación de conxuntos de números de distinto tipo.

2.11. Concepto de fracción como relación entre as partes e o todo.

2.12. Arredondamento de números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.

2.13. Arredondamento de números naturais ás decenas, centenas e millares.

2.14. Obtención de fraccións equivalentes por ampliación e simplificación.

2.15. Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións.

2.16. Estimación de resultados.

2.17. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.

2.18. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.

2.19. Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división.

2.20. Identificación e uso dos termos propios da división.

2.21. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.

2.22. Operacións con fraccións.

2.23. Operacións con números decimais.



-
- 2.24. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.
 - 2.25. Automatización de algoritmos.
 - 2.26. Descomposición de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa.
 - 2.27. Descomposición de números naturais atendendo ao valor da posición das súas cifras.
 - 2.28. Construción de series ascendentes e descendentes.
 - 2.29. Obtención dos primeiros múltiplos dun número dado.
 - 2.30. Obtención de todos os divisores de calquera número menor a 100.
 - 2.31. Descomposición de números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.
 - 2.32. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.
 - 2.33. Utilización da calculadora.

Bloque 3. Medidas.

- 3.1. Elección da unidade máis idónea para a expresión dunha medida.
- 3.2. Realización de medicións.
- 3.3. Estimación de lonxitudes, capacidades, masas e superficies de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis acomodados para medir e expresar unha medida.
- 3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude.
- 3.5. Desenvolvemento de estratexias para medir figuras de xeito exacto e aproximado.
- 3.6. Comparación de superficies de figuras planas por descomposición e a súa medición.
- 3.7. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade e masa.
- 3.8. Unidades de medida do tempo e a súa relación.
- 3.9. Equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.
- 3.10. Lectura en reloxos analóxicos e dixitais.
- 3.11. Cálculos con medidas temporais.
- 3.12. O sistema sesaxesimal.



3.13. O ángulo como unidade de medida. Medida de ángulos.

3.14. Resolución de problemas de medida.

Bloque 4. Xeometría.

4.1. A lonxitude da circunferencia.

4.2. Ángulos en distintas posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...

4.3. Sistema de coordenadas cartesianas. Descrición de posicións e movementos.

4.4. A representación elemental do espazo, escalas e gráficas sinxelas.

4.5. Formas planas e espaciais. Figuras planas: elementos, relación e clasificación.

4.6. Clasificación de triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos.

4.7. Clasificación de cuadriláteros atendendo ao paralelismo dos seus lados.

4.8. As áreas dos triángulos e dos cuadriláteros.

4.9. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.

4.10. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.

Bloque 5. Estatística e probabilidade.

5.1. Construción de táboas de frecuencias absolutas e relativas.

5.2. Iniciación intuitiva ás medidas de centralización: a media e a moda.

5.3. Realización e interpretación de gráficas sinxelas: diagramas de barras, dobres e sectoriais.

5.4. Análise crítica das informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.

5.5. Carácter aleatorio dalgunhas experiencias.

5.6. Iniciación intuitiva ao cálculo da probabilidade dun suceso.



COMPETENCIAS CLAVE

1. COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA.

Os obxectivos curriculares da área así como criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe cobren os aspectos básicos desta competencia no uso de elementos matemáticos e resolución de problemas así como de comprensión e aplicación dos métodos científicos. Así mesmo, engadiremos algúns aspectos máis que os complementen, como pode ser o coidado do medio para adestrar a boa xestión de recursos materiais ou hábitos saudables desde o centro de interese formulado nas unidades.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...).
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicarlle as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

2. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

A comprensión escrita así como a expresión oral e escrita deben se adestradas desde todas as áreas, pois son parte do que se denominaron aspectos competenciais transversais. Para iso, en cada unidade didáctica, adestraremos polo menos un descritor de cada un destes indicadores.

A comprensión é vital para o desenvolvemento de calquera área e, en concreto, para desenvolver a comprensión dos enunciados dos problemas. Por este motivo deberiamos adestralos de xeito explícito e sistemático ao longo de todas as unidades.

Os descritores aos que lles imos dar prioridade serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Gozar coa lectura.



-
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
 - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor...
 - Manexar elementos de comunicación non verbal ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

3. COMPETENCIA DIXITAL

No decreto do currículo do Ministerio de Educación queda clara a necesidade de traballar de xeito transversal en todas as áreas as tecnoloxías da información e da comunicación audiovisual. É evidente a importancia das ferramentas dixitais para a adquisición de coñecemento en todas as materias e idades.

Para iso, na área de Matemáticas, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

4. COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

As competencias sociais e cívicas encerran a comprensión e a aplicación de dereitos e deberes dos cidadáns nun Estado democrático. Traballar cos compañeiros, convivir, compartir coñecemento, participar na xestión do grupo, propoñer, colaborar... son aspectos desta competencia que podemos adestrar desde a área.



Para iso faremos especial fincapé nos seguintes descritores:

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e na resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

5. CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI

Desde a área de Matemáticas podemos contribuír ao adestramento desta competencia desde a interculturalidade e respecto por crenzas e pensamentos diferentes e a expresión artística con sentido estético na realización de traballos.

Tomamos como referencia os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

6. COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

A competencia aprender a aprender toma especial relevancia nunha área cuxa finalidade última é xerar procesos de pensamento eficaces para resolución de problemas. Por este motivo, traballarámola de xeito especialmente intenso, dado que está incrustada na súa razón de ser. Ademais, unha das maiores dificultades que atopamos na aprendizaxe desta materia é a pouca conciencia sobre a aprendizaxe e pouca confianza nas capacidades persoais para enfrontala. Por iso, a reflexión sobre os procesos de aprendizaxe e a consecución de obxectivos é especialmente relevante.



- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais a prol da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

7. SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

Desenvolver a autonomía persoal, o liderado na xestión de grupos de traballo e estimular a creatividade son aspectos doadamente abordables desde calquera área no traballo diario e mediante a proposta de traballo en grupos colaboradores. Ademais, podemos promover o adestramento de habilidades propiamente emprendedoras no deseño de tarefas que permitan a xestión de recursos materiais e persoais.

Os descritores sobre os que traballaremos son:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de acadar obxectivos.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.



- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

METODOLOXÍA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Matemáticas:

As matemáticas teñen un **carácter instrumental**, polo tanto, son indispensables para adquirir coñecementos posteriores, especialmente os da área tecnolóxica e científica. Por iso, será moi importante que os alumnos se afagan a presentar e razoar os seus traballos de forma clara e estruturada.

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a estudo da materia. Se ben a finalidade da área é adestrar o razoamento lóxico mediante a resolución de problemas, necesitamos dotar os alumnos de ferramentas para poder desenvolver este aspecto. Para iso necesitamos certo grao de **adestramento individual e traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: algoritmos de cálculo, propiedades, linguaxe matemática, operacións, cálculo mental...

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de razoamento lóxico, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outra banda, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Matemáticas é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

A **manipulación de materiais** debe ser unha constante na actividade matemática, así como, o acceso ás novas tecnoloxías. Permitindo que o alumno estableza vínculos reais entre os coñecementos matemáticos e o seu día a día.



PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- A avaliación será continua, formativa e integradora.
- Partiremos sempre dunha avaliación inicial a través de informes persoais e realización dalgunha proba escrita, despois de facer nos tres primeiros días un repaso dos contidos dados no curso anterior.
- A avaliación será continúa, empregando para ela distintos mecanismos:
- Observación directa.
- Rexistros individuais..
- Fichas de seguimento.
- Corrección de libros e libretas.
- Traballos de clase e traballos individuais.
- Probas orais de cálculo e iniciación en probas escritas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en Matemáticas.

1.1. Describir e analizar situacións de cambio para atopar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.

1.2. Coñecer algunhas características do método do traballo científico en contextos de situacións problemáticas que hai que resolver.

1.3. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.

1.4. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.

1.5. Reflexionar sobre as decisións tomadas, aprendendo para situacións futuras.

1.6. Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo, para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas.

1.7. Expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.

1.8. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.



1.9. Afondar en problemas resoltos, formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, etc.

Bloque 2. Números.

2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).

2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.

2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.

2.4. Utilizar os números enteiros, decimais e fraccionarios para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.

2.5. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.

2.6. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.

2.7. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

2.8. Coñecer a numeración romana e o seu uso no contexto da vida real.

Bloque 3. Medidas.

3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.

3.2. Operar con diferentes medidas.

3.3. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.

3.4. Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares.



3.5. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos acomodados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

Bloque 4. Xeometría.

4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.

4.2. Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de figuras planas.

4.3. Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.

4.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá acomodados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos acomodados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

4.5. Coñecer as figuras planas: cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.

Bloque 5. Estatística e probabilidade.

5.1. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao medio inmediato.

5.2. Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar este resultado.

5.3. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: gráficos dobres, táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineares... comunicando a información.

5.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá relacionados coa interpretación de datos acomodados ao seu nivel e establecer conexións coa realidade cotiá.



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.

1.1. Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas ou en contextos da realidade.

2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema).

2.2. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.

2.3. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución, etc.

2.4. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que hai que resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e eficacia.

2.5. Identifica e interpreta datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da vida cotiá (facturas, folletos publicitarios, rebaixas...).

3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.

3.2. Realiza predicións sobre os resultados agardados, utilizando os patróns e as leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.

4.1. Afonda en problemas unha vez resoltos, analizando a coherencia da solución e buscando outras formas de resolvelos.

4.2. Considera problemas, a partir dun resolto, variando os datos, propoñendo novas preguntas, conectándoo coa realidade, buscando outros contextos, etc.

5.1. elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as súas fases, valorando os resultados e as conclusións obtidas.

6.1. Practica o método científico, sendo ordenado, organizado e sistemático.

6.2. Planifica o proceso de traballo con preguntas axeitadas: que quero descubrir?, que teño?, que procuro?, como o podo facer?, non me equivoquei ao facelo?, a solución é adecuada?

7.1. Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez, valorando os pros e os contras do seu uso.

8.1. elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións que hai que resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.

9.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada.



9.2. Considera a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese axeitados ao seu nivel educativo e á dificultade da situación.

9.3. Distingue entre problemas e exercicios, e aplica as estratexias adecuadas para cada caso.

9.4. Habitúase á formulación de preguntas e á busca de respostas adecuadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas.

9.5. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de contraexemplos) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.

10.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas valorando as súas consecuencias e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.

11.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e sobre os procesos desenvolvidos, valorando as ideas clave, aprendendo para situacións futuras similares, etc.

12.1. Emprega ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas.

12.2. Utiliza a calculadora para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas.

13.1. Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica adecuada e compartíndoo cos seus compañeiros.

Bloque 2. Números.

1.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.

1.2. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datos.

1.3. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números naturais, fraccións e decimais ata as milésimas, utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor da posición de cada unha das súas cifras.

2.2. Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros.

3.1. Calcula e compara fraccións equivalentes.

3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.



3.3. Ordena fraccións aplicando a relación entre fracción e número decimal.

4.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.

4.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e na resolución de problemas.

4.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.

5.1. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.

5.2. Realiza operacións con números decimais.

6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.

6.2. Descompón de forma aditiva e de forma multiplicativa, números menores dun millón, atendendo ao valor de posición das súas cifras.

6.3. Identifica múltiplos e divisores empregando as táboas de multiplicar.

6.4. Calcula os primeiros múltiplos dun número dado.

6.5. Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.

6.6. Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.

6.7. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.

6.8. Estima e redondea o resultado dun cálculo valorando a resposta.

7.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.

7.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.

Bloque 3. Medidas.

1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas e superficies; elixindo a unidade e os instrumentos máis acomodados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso sucesivo e a estratexia utilizada.



1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis adecuada para a expresión dunha medida.

2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.

2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade, masa e tempo dada en forma complexa e viceversa.

2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.

2.4. Compara superficies de figuras planas por descomposición e a súa medición.

3.1. Realiza equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.

4.1. Identifica o ángulo como medida dun xiro ou abertura.

4.2. Mide ángulos usando instrumentos convencionais.

5.1. Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando... e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.

Bloque 4. Xeometría.

1.1. Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, etc.

1.2. Traza unha figura plana simétrica doutra respecto dun eixe.

1.3. Realiza simetrías e translacións.

2.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.

2.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculo sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.

3.1. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.

3.2. Utiliza a descomposición para formar figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras.

4.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contados traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando, e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.



4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.

Bloque 5. Estatística e probabilidade.

1.1. Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética e a moda.

1.2. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, de sectores e dobres.

2.1. Realiza a análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.

3.1. Identifica situacións de carácter aleatorio.

3.2. Realiza conxecturas e estimacións sobre datos nalgúns xogos (moedas, dados, cartas, loterías...).

4.1. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade utilizando estratexias heurísticas, de razoamento: creando conxecturas, argumentando e tomando decisións e valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización.

4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.

RECURSOS

- Libro do alumno/a.
- Táboas de multiplicar.
- Cadernos complementarios de cálculo e problemas.
- Ábacos, regretas e bloques.
- Recta numérica graduada.
- Xogos de moedas reais ou de cartón.
- Coleccións de obxectos pequenos..
- Regras graduadas, regretas, cordas de distintas lonxitudes.
- Calendario mural do ano en curso.
- Reloxos.



- Instrumentos de debuxo.
- Colección de corpos xeométricos.
- Materias manipulativos

TEMPORALIZACIÓN

UNIDADE	TEMAS	TEMPORALIZACIÓN
	Avaliación inicial	do 9 ao 17 de setembro
1	NÚMEROS Y OPERACIONES	do 20 de setembro ao 8 de outubro
2	LA MULTIPLICACIÓN Y LAS POTENCIAS	do 11 ao 29 de outubro
3	DIVISIÓN Y DIVISIBILIDAD	do 1 ao 19 de novembro
4	ESTADÍSTICA Y AZAR	do 22 de novembro ao 21 de decembro
5	LOS NÚMEROS DECIMALES	do 10 ao 28 de xaneiro
6	MEDIDAS DEL SISTEMA SEXAGESIMAL	do 31 de xaneiro ao 11 de febreiro
7	EL PLANO Y EL ESPACIO	do 14 de febreiro ao 4 de marzo
8	LAS FRACCIONES	do 7 ao 25 de marzo
9	OPERACIONES CON FRACCIONES. LOS PORCENTAJES	do 28 de marzo ao 8 de abril
10	EL SISTEMA MÉTRICO DECIMAL	do 18 ao 29 de abril
11	FORMAS PLANAS Y ESPACIALES	do 2 ao 13 de maio
12	PERÍMETROS Y ÁREAS	do 16 de maio ao 3 de xuño
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 6 ao 21 de xuño



ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

1. Comprender de forma oral tendo en conta as características das diferentes situacións de comunicación.
2. Utilizar de forma axeitada os aspectos normativos da lingua.
3. Potenciar o uso creativo da lingua.
4. Expresar con claridade, ordenada e coherentemente: vivencias, ideas, observacións, sentimentos, etc.
5. Elixir as formas de comprensión e expresión axeitadas ás diferentes situacións e intencións comunicativas.
6. Valorar e aceptar as achegas propias e as dos demais, respectando as normas do intercambio comunicativo.
7. Extraer información da lectura de textos cunha finalidade previa: seleccionar, rexistrar, buscar, recompilar, procesar a información.
8. Comprender textos escritos e outros realizados con signos de diferentes códigos, en diferentes contextos.
9. Coñecer e utilizar o valor da lectura como unha actividade indispensable e insubstituíble para ampliar o coñecemento como un elemento de entretemento e diversión, gozo, información, resolución de problemas, enriquecemento cultural.
10. Producir textos escritos propios da vida social da aula, como modelo de comunicar coñecementos, experiencias e necesidades (normas, notas, cartas, avisos...), de acordo coas características propias destes textos.
11. Redactar diversos tipos de texto: contos, redaccións, descricións, cartas, entrevistas, normas, poemas, adiviñas, trabalinguas, escritos incorporando as TIC...
12. Gozar coa elaboración e produción de textos escritos seguindo as normas e pautas básicas de ortografía, sintaxe, vocabulario...
13. Buscar, recoller e procesar información mediante o emprego eficaz da lingua.
14. Coñecer a estrutura dos textos propios do ámbito académico-escolar (resumos, descricións, explicacións...), e aplicar estes coñecementos á comprensión e produción de textos para coñecementos, experiencias e necesidades persoais.



-
15. Manexar de forma eficaz os recursos aprendidos para aplicalos correctamente en todas as demais áreas que conforman o currículo, sendo conscientes do uso efectivo da lingua na súa aprendizaxe persoal e comunicación.
 16. Utilizar, de xeito dirixido, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación –TIC– e os diferentes tipos de bibliotecas (de aula, de centro e de localidade) mostrando respecto polas súas normas de funcionamento, coa finalidade de obter información e modelos para a composición escrita.
 17. Compoñer textos de información e de opinión propios dos medios de comunicación social sobre acontecementos que resulten significativos, utilizando soportes do ámbito escolar: rede WIFI, Notebook e páx. WEB do colexio e da localidade.
 18. Saber utilizar distintas fontes de información para a elaboración de traballos e transmitir a información en distintos soportes, extraendo destas o seu máximo rendemento.
 19. Desenvolver o gusto literario e a capacidade estética, de maneira que facilite a comprensión e expresión de ideas e sentimentos.
 20. Explorar e aplicar as posibilidades expresivas básicas da lingua oral e escrita, adquirindo seguridade nas propias habilidades comunicativas e usos persoais da linguaxe.
 21. Compoñer por escrito, de forma cada vez máis complexa, ordenada e coherente, ideas, vivencias, sentimentos, feitos reais e fantásticos, tanto en prosa coma en verso.
 22. Coñecer, de xeito xeral, as características relevantes da lingua galega e identificar e valorar esta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
 23. Identificar, de maneira global, as diferenzas lingüísticas das variedades da lingua galega e recoñecer a estándar como variante unificadora.
 24. Valorar estas variedades lingüísticas como elemento enriquecedor da lingua.
 25. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que coñece ou está a aprender o alumnado, evitando as interferencias entre elas.
 26. Analizar o valor da lingua como instrumento de transmisión de diferentes valores.
 27. Desenvolver o hábito e o gusto pola lectura, dedicándolle parte do tempo libre dispoñible.
 28. Ler en voz alta e en silencio e utilizar a lectura como medio de diversión, gozo e de aprendizaxe.
 29. Ler de forma comprensiva e expresiva textos como medio de afianzar, consolidar e reforzar o uso da lingua, ampliar vocabulario, normas ortográficas, apreciar valores artísticos e culturais.



COMPETENCIAS CLAVE

1. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade situacións cotiás contendo elementos matemáticos. Así mesmo, ofrece a posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados para poder desenvolver así a utilización da linguaxe como instrumento para poder comunicarse e expresarse a diferentes niveis.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar os coñecementos sobre o funcionamento dos obxectos e aparatos para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso redor.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.

2. Comunicación lingüística

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas.

Debido ao carácter da área, trataremos de que adquiran as destrezas comunicativas no uso da lingua. Será unha prioridade dotar o alumnado de estratexias que favorezan unha correcta aprendizaxe e que lle aseguren un manexo efectivo nas situacións cotiás e en diferentes contextos nos que se encontre.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.



-
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
 - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia, para un mellor uso desta.
 - Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
 - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
 - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

3. **Competencia dixital**

Ser competente na utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Dende esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

Na área de Lingua Galega e Literatura adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.



4. **Conciencia e expresións culturais**

A través da lingua, podemos coñecer o mundo no que vivimos, o contorno que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente dende a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións dende códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

5. **Competencias sociais e cívicas**

A área de Lingua Galega e Literatura pídennos desenvolver unha serie de actitudes e valores que nos van levar a saber desenvolvernos na sociedade na que vivimos. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores, que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun estado social e democrático de Dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.



6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Lingua Galega e Literatura esixe un proceso de ensino-aprendizaxe activo. O enfoque comunicativo radica na necesidade de utilizar a lingua. Será necesario iniciar o alumnado en adestrar diferentes habilidades de emprendemento como unha forma de consolidar as diferentes ferramentas para comunicarse.

Neste caso, os descritores que cómpre adestrar son:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades dende coñecementos previos do tema.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.

7. Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo a aquilo que nos formulamos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia son:

- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.



- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

METODOLOXÍA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante: o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos, e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Lingua Galega e Literatura:

Os alumnos han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar o alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas dende a **teoría das Intelixencias Múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área os alumnos inicianse no desenvolvemento das habilidades da linguaxe, por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o **traballo en grupo colaborador** como unha forma de adestrar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

Os contidos da área de Lingua Galega están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a **contexto real**. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e se poida aplicar a proxectos reais próximos ao alumnado.

ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar.

Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e distinguindo, de maneira xeral, información de opinión e elaboración dun resumo.

Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.

Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, con progresiva autonomía, informacións relevantes para aprender.

Interpretación elemental en textos orais da retranscra, da ironía e de dobres sentidos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao

Rúa PARAÍSO s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881880883 secretaria 881880

ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>



Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates).

Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das opcións de quen fala sen interrupcións inadecuadas).

Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social, especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, asembleas, narracións orais, entrevistas), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións e opcións lingüísticas das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados).

Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, léxico apropiado, pronuncia correcta, ton de voz, entoación, xestualidade, incorporación das intervencións das demais persoas e formulación de preguntas coherentes.

Produción de textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación social mediante simulación para ofrecer e compartir información.

Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais (miradas e posturas corporais).

Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.

Uso, de maneira xeral, dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Recoñecemento e valoración, de maneira global, das diferenzas dialectais orais da lingua galega, como elemento enriquecedor da lingua.

Identificación da lingua galega con calquera contexto de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

Bloque 2: Comunicación escrita: ler.

Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social.

Comprensión de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) para obter información xeral, localizando informacións destacadas.

Comprensión de textos sinxelos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao

Rúa PARAÍSO s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881880883 secretaria 881880

ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>



Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender, identificando e interpretando, con especial atención aos datos que se transmiten mediante gráficos, esquemas e ilustracións.

Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto sinxelo.

Uso de certas estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).

Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.

Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas.

Lectura expresiva de textos literarios e non literarios, de diferente tipoloxía textual.

Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.

Uso da biblioteca de aula e do centro, amosando certo coñecemento da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades literarias e na elaboración de propostas.

Comezo no uso das bibliotecas, incluíndo as virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información e modelos para a produción escrita.

Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal.

Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias.

Desenvolvemento da autonomía lectora, amosando capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

Análise de textos sinxelos escritos en diferentes variedades, bastante evidentes, da lingua galega.

Bloque 3: Comunicación escrita: escribir.

Uso, de maneira xeral, das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor.

Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia básica, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións...), de acordo coas características propias destes xéneros.

Composición de textos de información e de opinión moi sinxelos, característicos dos medios de comunicación social, sobre acontecementos significativos, en situacións reais ou simuladas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao

Rúa PARAÍSO s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881880883 secretaria 881880

ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>



Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (fichas, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións).

Redacción de textos breves e sinxelos: carteis publicitarios, anuncios, cómics, poemas, cancións e anécdotas.

Uso das TIC, con certa autonomía, na busca de información, o tratamento dos textos e a realización de presentacións.

Utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos, táboas e tipografía) e ilustración creativa dos propios textos.

Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.

Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.

Bloque 4: Coñecemento da lingua.

Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; clases de palabras, sílaba tónica e átona; oracións e constituíntes da oración (suxeito e predicado); enlaces (preposición e conxunción); grupos de palabras (núcleo e complementos); substantivos, xénero e número; determinantes e pronomes, adxectivo; tempo e modo verbal; persoa gramatical.

Coñecemento xeral das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.

Uso de procedementos de derivación, de comparación e de contraste para xulgar sobre a corrección das palabras e xeneralizar as normas ortográficas.

Comparación de estruturas sintácticas diversas para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.

Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (causa, consecuencia, finalidade, contradición...), así como algúns elementos de cohesión, en relación coa composición de textos.

Identificación, en oracións, do verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, e do papel semántico do suxeito (axente, paciente).

Transformación de oracións sinxelas de activa en pasiva, e viceversa, para mellorar a comprensión de determinados textos.

Práctica do paso de estilo directo a estilo indirecto na narración, para mellorar a produción de textos.

Uso eficaz do dicionario, en papel ou electrónico, na busca da ampliación do vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical.



Ampliación do vocabulario, mediante o traballo con palabras sinónimas, antónimas, homónimas, polisémicas; aumentativos e diminutivos, frases feitas...

Ampliación do vocabulario mediante os procedementos de creación de palabras: derivación (prefixos e sufixos) e composición.

Coñecemento xeral das características relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega e identificación e valoración desta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.

Comparación entre aspectos das linguas que o alumnado coñece ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos en lingua galega e recoñecer as interferencias.

Bloque 5: Educación literaria.

Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, ditos, cantigas...), así como da literatura galega en xeral.

Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses (conto, cómic, novela).

Lectura guiada de textos da literatura infantil en diversos soportes.

Lectura comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras) e a presenza de certos temas e motivos repetitivos.

Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.

Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.

Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), especialmente aquela en lingua galega, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.

Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.



AVALIACIÓN

A avaliación será continúa, formativa e integradora.

Partiremos sempre dunha avaliación inicial a través de repaso dos coñecementos previos, informes persoais e realización dalgunha proba.

A avaliación será continúa ,empregando para ela distintos mecanismos:

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades encomendadas.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓNS

Todos os procedementos e instrumentos de avaliación reseñados no apartado anterior procurarán determinar:

- Nivel de consecución dos obxectivos mínimos.
- Grao de adquisición das competencias clave.
- A participación do alumnado nas actividades propostas.
- A actitude cara ás aprendizaxes e o coidado do material.
- A actitude fronte do traballo cooperativo e a interacción cos compañeiros/as.
- A orde e limpeza na presentación dos traballos.
- As medidas adoptadas para facilitar a aprendizaxe do alumnado, o seu grao de adecuación e de éxito.



CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.

1. Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinións explícitos.
2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.
3. Interpretar correctamente a retranscrición, a ironía e os dúbidos sentidos, en situacións de comunicación nas que estes resulten bastante evidentes.
4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.
5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos demais.
6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.
7. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.
8. Elaborar textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación.
9. Reforzar a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais, coa utilización de elementos propios da linguaxe non verbal.
10. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.
11. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.
12. Usar, de maneira xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
13. Recoñecer, de maneira global, e valorar as diferenzas dialectais orais da lingua galega.
14. Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler.

1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dúbidos sentidos bastante evidentes.



-
2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes.
 3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido.
 4. Utilizar certas estratexias para mellorar a lectura.
 5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo.
 6. Realizar diferentes tipos de lectura.
 7. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar), facendo participar á audiencia da súa interpretación.
 8. Usar as bibliotecas da aula e do centro, así como as virtuais, con certa autonomía, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora.
 9. Ter interese por ter unha biblioteca propia, física ou virtual.
 10. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
 11. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.
 12. Analizar textos sinxelos escritos en diferentes variedades da lingua galega.

Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.

1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.
2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.
3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.
4. Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade.
5. Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.
6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos e contribúan á súa ilustración creativa.



7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.

Bloque 4: Coñecemento da lingua.

1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.
2. Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas.
3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.
4. Recoñecer e empregar os conectores básicos, así como outros elementos de cohesión.
5. Identificar o papel semántico do suxeito e transformar oracións activas sinxelas en pasivas, e viceversa, para mellorar a comprensión e a produción de textos.
6. Transformar un texto narrativo sinxelo de estilo directo noutro de estilo indirecto.
7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.
8. Coñecer, de xeito xeral, as características relevantes da lingua galega e identificar e valorar esta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
9. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado.

Bloque 5: Educación literaria.

1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.
2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptadas á idade e en diferentes soportes.
3. Identificar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas recorrentes.
4. Recrear e compoñer poemas e relatos sinxelos a partir de modelos dados.
5. Participar activamente en dramatizacións de textos literarios.
6. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente aquela en lingua galega, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.



7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.

1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo.

1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral sinxelo, distinguindo, de maneira xeral, información de opinión.

2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.

2.2. Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación.

3.1. Interpreta en producións orais a retransca, a ironía e os dobres sentidos.

4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.

4.2. Segue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas.

4.3. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.

4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.

4.5. Identifica o grao de formalidade da situación de comunicación e axusta a este a súa produción.

5.1. Atende as intervencións dos demais en actos de fala orais, sen interromper.

5.2. Respecta as opinións dos demais.

6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.

6.2. Respecta as opcións lingüísticas dos participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.

6.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión.



6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.

6.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.

7.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.

7.2. Elaborar un discurso oral cohesivo, utilizando nexos básicos adecuados.

7.3. Emprega o rexistro lingüístico (formal ou informal) adecuado a cada contexto.

7.4. Aмосa un discurso oral fluído, claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.

8.1. Elaborar textos sinxelos propios dos medios de comunicación.

9.1. Utiliza a expresividade corporal: miradas e postura corporal para reforzar o sentido das súas producións orais.

10.1. Aмосa respecto ás ideas dos demais e contribúe ao traballo en grupo.

11.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.

12.1. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe non sexista.

12.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.

13.1. Recoñece textos orais sinxelos pertencentes a diferentes variedades dialectais moi evidentes da lingua galega.

13.2. Valora as diferenzas dialectais orais da lingua galega como un símbolo de riqueza lingüística e cultural e o estándar como variante unificadora.

14.1. Identifica a lingua galega oral con calquera contexto profesional: sanidade, educación, medios de comunicación...

14.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

Bloque 2: Comunicación escrita: ler.

1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.

1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).



1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.

1.4. Interpreta personificacións, hipérboles, ironías e dobres sentidos en textos.

1.5. Identifica a estrutura dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión (repeticións, sinónimos, anáforas).

1.6. Identifica o punto de vista do autor e diferencia, de maneira xeral, información e opinión.

1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.

1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.

2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes, relacionándoa co contido do texto que acompaña..

3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.

3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias.

3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.

4.1. Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.

4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso.

5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade.

5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade.

5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.

6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.

7.1. Descodifica con precisión e rapidez as palabras.

7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión.

7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.

7.4. Le en voz alta adaptándose ao interese do auditorio: gozar escoitando, obter nova información...

7.5. Fai lecturas dramatizadas de textos.



8.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.

8.2. Usa a biblioteca de centro con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.

8.3. Usa as bibliotecas virtuais, para obter datos e informacións, con certa autonomía.

9.1. Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros, físicos ou virtuais, en lingua galega.

10.1. Amosa interese pola lectura en lingua galega como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.

11.1 Selecciona persoalmente as lecturas que desexa realizar e é quen de xustificalas en función dos seus gustos e necesidades.

11.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.

12.1. Identifica, de maneira global, as diferenzas lingüísticas, bastante evidentes, das variedades da lingua galega.

12.2. Valora a variedade interna da lingua como símbolo de riqueza lingüística e cultural, así como o estándar como variante unificadora.

Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.

1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas ou guións.

1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados.

1.3. Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, comiñas, signos de admiración e interrogación).

1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.

1.5. Escribe e presenta textos propios elaborando guións e borradores.

1.6. Usa o dicionario durante a elaboración de textos.

2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas, diarios, mensaxes curtas, normas, notas...

2.2. Redacta textos xornalísticos, anuncios e carteis, imitando modelos publicitarios moi sinxelos.



2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.

2.4. Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado.

2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.

3.1. Elabora textos escritos propios do ámbito académico (fichas, resumos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.

4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións e anécdotas.

4.2. Escribe textos sinxelos de carácter creativo.

4.3. Aprecia os usos creativos da linguaxe.

5.1. Busca e selecciona información en lingua galega en diferentes fontes e soportes dixitais.

5.2. Emprega procesadores de textos con certa autonomía.

5.3. Utiliza, habitualmente, correctores de textos en lingua galega.

5.4. Utiliza as TIC, con certa autonomía, para realizar presentacións elementais.

6.1. Usa recursos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión dos textos e ilustralos de maneira creativa.

7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... en calquera soporte.

7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.

Bloque 4. Coñecemento da lingua.

1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, determinante, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición e conxunción.

1.2. Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.

1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.

1.4. Recoñece as oracións simples, comprende o seu significado, recoñece os seus constituíntes inmediatos (suxeito e predicado) e identifica o verbo como núcleo da oración.



2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.

2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás regras do *h*, *b/v*, *c/cc*, *x*, *ll*.

3.1. Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados.

3.2. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.

3.3. Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.

4.1. Usa diversos conectores básicos entre oracións.

4.2. Recoñece determinados procesos de cohesión nos textos.

5.1. Identifica, en oracións sinxelas, o papel semántico do suxeito.

5.2. Recoñece se a oración é activa ou pasiva e é quen de facer a transformación dunha noutra.

6.1. Transforma un texto sinxelo narrativo de estilo directo noutro de estilo indirecto.

7.1. Usa axeitadamente o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.

7.2. Recoñece e crea palabras derivadas (por prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras.

7.3. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas de uso frecuente e frases feitas.

8.1. Coñece, de xeito xeral, as características máis relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega.

8.2. Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.

9.1. Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.

9.2. Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas, ortográficas e léxicas entre todas as linguas que coñece ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.

Bloque 5. Educación literaria.

1.1. Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, ditos, cantigas...) e da literatura galega en xeral.



1.2. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptadas á idade e en diferentes soportes.

2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptadas á idade e en diferentes soportes.

3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.

3.2. Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas.

3.3. Identifica e emprega algunhas figuras literarias: comparacións, personificacións, hipérboles e xogos de palabras.

3.4. Identifica os temas recorrentes na literatura.

4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas.

5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios.

6.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente aquela en lingua galega, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

7.1. Compara imaxes, símbolos e mitos sinxelos doutras culturas cos da cultura galega, amosando interese e respecto.

7.2. Amosa curiosidade por coñecer outras costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.

RECURSOS

- Biblioteca de aula e de centro
- Aula de informática.
- Material didáctico: Láminas de observación
- Recursos do entorno: (saídas, exposicións, teatro...)
- Contos para intercambio
- Recursos audiovisuais
- Libro do alumno, dicionario.
- Cadernos de comprensión lectora.
- Guía didáctica.
- Murais.
- Encerado.



TEMPORALIZACIÓN

UNIDADE	TEMAS	TEMPORALIZACIÓN
	Avaliación inicial:	do 9 ao 17 de setembro
1	COMUNICÁMONOS	do 20 de setembro ao 8 de outubro.
2	IMOS DE ANDAINA	do 11 ao 29 de outubro
3	INVESTIGAMOS	do 1 ao 19 de novembro
4	NIN NEGRO NIN BRANCO	do 22 de novembro ao 21 de decembro
5	UN DÍA DE TEATRO	do 10 ao 28 de xaneiro
6	PARA SER POETA...	do 31 de xaneiro ao 11 de febreiro
7	COIDAR O QUE É DE TODOS	do 14 de febreiro ao 4 de marzo
8	BANDA DESEÑADA	do 7 ao 25 de marzo
9	TRADICIÓNS	do 28 de marzo ao 8 de abril
10	SOMOS RESPONSABLES	do 18 ao 29 de abril
11	ENTREVISTAS	do 2 ao 13 de maio
12	VERÁN	do 16 de maio ao 3 de xuño
	Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.	do 6 ao 21 de xuño

ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

OBXECTIVOS DA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA



-
1. Describir a función de relación no ser humano e coñecer os procesos implicados nela e a anatomía e as funcións das estruturas dos órganos dos sentidos.
 2. Identificar e coñecer o funcionamento dos principais aparatos, órganos e sistemas do corpo humano para realizar a función de relación.
 3. Valorar e adaptar estilos de vida saudables.
 4. Coñecer algunhas enfermidades como forma de preservar e coidar a saúde.
 5. Identificar, describir e clasificar os principais grupos de plantas.
 6. Recoñecer os diferentes niveis de organización dos seres vivos.
 7. Identificar os compoñentes dun ecosistema e analizar as relacións entre os seres vivos que forman parte del.
 8. Coñecer os factores que contribúen á deterioración dos ecosistemas e valorar as iniciativas que favorecen o seu mantemento.
 9. Identificar os principais elementos do seu ámbito natural, analizando as súas características máis relevantes.
 10. Valorar a entrega daquelas persoas que se dedican, de forma altruísta, ao coidado e á mellora do patrimonio natural.
 11. Adoptar actitudes que contribúan activamente á conservación e á mellora do medio e do patrimonio natural.
 12. Diferenciar as propiedades, os estados e os cambios da materia.
 13. Identificar as manifestacións da enerxía, as súas orixes e transformacións, cunha especial atención á enerxía eléctrica.
 14. Diferenciar os tipos de máquinas e os operadores que as forman. Relacionar as forzas, as máquinas e as súas aplicacións.
 15. Analizar e enumerar as propiedades dos materiais, substancias e obxectos que se van empregar.
 16. Desenvolver actitudes de respecto das normas de coidado, hixiene e seguridade na realización dos traballos e na manipulación das substancias e dos aparatos.
 17. Construír esquemas, mapas de conceptos, fichas e outros instrumentos que permitan organizar a información.
 18. Practicar as calidades básicas do pensamento científico: obxectividade, reflexión, planificación, rigor, causalidade, etc.
 19. Desenvolver actitudes de valoración positiva dos traballos ben planificados, executados e avaliados, propios e alleos.



20. Participar en actividades de grupo adoptando un comportamento construtivo e de respecto polos demais compañeiros e interiorizar as normas de funcionamento democrático no grupo escolar.

COMPETENCIAS CLAVE

1. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar elementos e razoamentos matemáticos para resolver problemas provenientes de situacións cotiás partindo do coñecemento dun mesmo, da natureza e da interacción cos outros. Así mesmo, incorpora a aplicación dalgunhas nocións, conceptos científicos e técnicos coa posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados aos que se ten que enfrontar o propio alumnado.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.

2. Comunicación lingüística

A expresión oral e a expresión escrita requiren un adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos practicar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas.

Debido ao carácter da área, coa importancia de iniciar o alumnado nesa busca de información e presentarlle ao resto, de realizar simulacións, de iniciarse na actividade científica..., é unha prioridade traballar co alumnado a comprensión ao longo destas unidades que se desenvolven.



Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Plan lector: gozar coa lectura.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor...
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...

3. **Competencia dixital**

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Desde esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para adquirir información e transformala en coñecemento.

Na área de Ciencias da Natureza adestraremos os descritores seguintes:

- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Manexar ferramentas dixitais para construír o coñecemento.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Empregar distintas fontes para buscar a información.

4. **Conciencia e expresións culturais**

A través da ciencia, podemos coñecer o mundo no que vivimos, o ámbito que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia pódenos dar unha visión diferente desde a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.



- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

5. Competencias sociais e cívicas

A área de Ciencias da Natureza pídennos o desenvolvemento de actitudes e valores vinculados ao respecto cara a un mesmo e aos demais, cara á natureza, cara ao traballo propio das ciencias e o seu carácter social, polo que os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Educación en valores. Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Desenvolver unha capacidade de diálogo cos demais, en situacións de convivencia e traballo, para a resolución de conflitos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto polos distintos ritmos e potencialidades.
- Coñecer e aplicar dereitos e deberes de convivencia cidadá no contexto da escola.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Na área de Ciencias da Natureza preténdese iniciar o alumnado na actividade científica polo que este aspecto se vincula ao desenvolvemento desta competencia. A necesidade de desenvolver a autonomía persoal, a xestión de grupos de traballo desde un liderado compartido, fai que teñamos que fomentar habilidades de emprendemento que acaden os obxectivos propostos.

Neste caso, os descritores que se van adestrar serán:

- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Amosar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.



-
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.

7. **Aprender a aprender**

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo con aquilo que consideramos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo, para poder traballar cos outros, e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serán:

- Intelixencias múltiples: desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para mellorar o pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...



METODOLOXÍA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e este adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Ciencias da Natureza:

Os alumnos e as alumnas han de iniciarse en coñecer e utilizar algunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tal como a observación, a identificación, análise de problemas, organización e tratamento de datos, experimentación, busca de solucións... polo que necesitamos que os nosos alumnos e alumnas teñan ferramentas que posibiliten conseguir o proposto.

Debemos ter en conta que cada alumno e alumna parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se van realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para acadar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área, os alumnos e as alumnas iníciase no desenvolvemento de estratexias de metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar problemas, planificar e realizar actividades, etc.; para iso, o traballo en grupo colaborador será un dos piares para adestrar cuestións de habilidades sociais e aspectos de contido que axudarán a consolidar aínda máis todo o traballado.

Os contidos da área de Ciencias da Natureza están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS

Bloque 1. Iniciación á actividade científica.

Iniciación á actividade científica. Aproximación experimental a algunhas cuestións.

Desenvolvemento do pensamento científico.

Utilización de diferentes fontes de información (directas e libros).

Utilización dos medios de comunicación e das tecnoloxías da información.

Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar e seleccionar información, e presentar conclusións.

Uso adecuado das tecnoloxías da información e da comunicación como recurso de lecer.

Lectura, análise e síntese de textos propios da área.



Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro.

Coñecemento e respecto da normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.

Uso de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade.

Planificación de proxectos e elaboración dun informe como técnicas de rexistro dun plan de traballo, comunicación oral e escrita dos resultados.

Bloque 2. O ser humano e a saúde.

O corpo humano e o seu funcionamento.

Anatomía e fisioloxía. Aparatos e sistemas.

As funcións vitais na especie humana. Relación (órganos dos sentidos e sistema nervioso).

Saúde e enfermidade. Principais enfermidades que lles afectan aos aparatos e aos sistemas do organismo humano.

Hábitos saudables para previr enfermidades. A conduta responsable.

Efectos nocivos do consumo do alcohol.

Avances da ciencia que inciden na saúde.

Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios.

A identidade e autonomía persoal.

A empatía e a relación cos demais.

A toma de decisións: criterios e consecuencias.

Bloque 3. Os seres vivos.

Concepto de medio natural.

A estrutura e a fisioloxía das plantas. A fotosíntese e a súa importancia para a vida na Terra.

As relacións entre os seres vivos.

Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao

Rúa PARAÍSO s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881880883 secretaria 881880

ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaordes/>



Ser humano e biodiversidade.

Extinción de especies.

Características e compoñentes dun ecosistema. Ecosistemas: pradería, poza, bosque, litoral e cidade e os seres vivos.

Cadeas alimentarias.

A biosfera; diferentes hábitats dos seres vivos.

Interese pola observación e polo estudo rigoroso de todos os seres vivos.

Actuacións do home que modifican o medio natural.

Desenvolvemento de valores de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico.

Bloque 4. Materia e enerxía.

Estudo e clasificación dalgúns materiais polas súas propiedades. Utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para o progreso da sociedade.

Diferentes procedementos para a medida da masa e do volume dun corpo.

Explicación de fenómenos físicos observables en termos de diferenzas de densidade. A flotabilidade nun medio líquido.

Realización de experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a luz, a calor, a electricidade...

Separación dos compoñentes dunha mestura.

Predición de cambios no movemento ou na forma dos corpos por efecto das forzas.

Concepto de enerxía. Diferentes formas de enerxía.

Fontes de enerxía e materias primas; a súa orixe. Enerxías renovables e non-renovables.

Beneficios e riscos relacionados coa utilización da enerxía: esgotamento, chuvia ácida e radioactividade.

Desenvolvemento sustentable e equitativo.

Planificación e realización de experiencias sinxelas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante os cambios enerxéticos.



Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas.

Máquinas e aparatos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade.

Análise de operadores e utilización na construción dun aparato.

Construción de estruturas sinxelas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas.

Descubrimentos e inventos relevantes.

Tratamento de textos. Busca guiada de información na rede. Control do tempo e uso responsable das tecnoloxías da información e da comunicación.

Medidas de prevención e normas de seguridade persoal para previr accidentes.

Realización de informes audiovisuais do proxecto de traballo.

AVALIACIÓN

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto na área de Ciencias da Natureza:

Os alumnos han de iniciarse en coñecer e utilizar algunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tal como a observación, a identificación, análise de problemas, organización e tratamento de datos, experimentación, busca de solucións... polo que necesitamos que os nosos alumnos teñan ferramentas que posibiliten conseguir o proposto.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se van realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área, os alumnos iníciannos no desenvolvemento de estratexias de metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar problemas, planificar e realizar actividades, etc.; para iso, o traballo en grupo colaborador será un dos piares para adestrar cuestións de habilidades sociais e aspectos de contido que axudarán a consolidar aínda máis todo o traballado.

Os contidos da área de Ciencias da Natureza están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados ao contexto real, será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.



- Perseverancia na responsabilidade.
- Adquisición de responsabilidade con compromisos persoais.
- Rendemento relacionado coas capacidades, con axuda e estratexias.
- Interese e disfrute no campo da aprendizaxe.
- Capacidade de reflexionar e aplicar o aprendido en contextos diversos.
- Actitude de escoita e valoración das opinións dos demais.
- Grao de cumprimento das normas.
- Actitude positiva hacia o traballo individual e en grupo.
- Rendemento nas tarefas individuais e grupais.
- Proba de avaliación inicial.
- Proba de avaliación correspondente a cada unidade.
- Seguimento da avaliación continua.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Iniciación á actividade científica.

1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicando os resultados.
2. Establecer conxecturas, tanto respecto de sucesos que acontecen dunha forma natural coma sobre os que acontecen cando se provocan, a través dun experimento ou dunha experiencia.
3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados, presentándoos con apoios gráficos.
4. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e dos seus compañeiros, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.
5. Coñecer as medidas de protección e seguridade persoal do plan de protección do centro e respectar as normas de uso dos instrumentos dos materiais de traballo.
6. Realizar un proxecto e presentar un informe establecendo un plan de traballo.
7. Manexar diferentes técnicas de exposición dos resultados para a súa publicación interna.

Bloque 2. O ser humano e a saúde.

1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións de relación do corpo humano, establecendo relacións entre eles e determinados hábitos de saúde.



-
2. Coñecer o funcionamento do corpo humano: células, tecidos, órganos, aparatos e sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, cuidados, etc.
 3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo. Adoptar estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida, tanto na escola coma fóra dela.
 4. Sinalar a achega de científicos relevantes e a súa contribución á investigación.

Bloque 3. Os seres vivos.

1. Coñecer a estrutura e a fisioloxía das plantas, e as principais características da fotosíntese.
2. Describir e explicar o medio natural.
3. Coñecer a clasificación de plantas e identificar a importancia da fotosíntese para os seres vivos.
4. Coñecer as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.
5. Coñecer as características e os compoñentes dun ecosistema.
6. Coñecer a relación entre o ser humano e a biodiversidade, e identificar as causas da extinción de especies.
7. Relacionar determinadas prácticas do ser humano co adecuado respecto e coidado polo medio natural adoptando estilos de vida consecuentes, ser consciente das consecuencias para a vida no planeta das súas actuacións, tanto na escola coma fóra dela.
8. Coñecer como os cambios no medio, tanto os producidos por procesos naturais coma pola actividade humana, poden afectarlles aos seres vivos, aos compoñentes inertes e ao equilibrio na Terra.
9. Respetar o equilibrio ecolóxico e recoñecer o patrimonio natural.



Bloque 4. Materia e enerxía.

1. Coñecer as leis básicas que rexen algunhas reaccións químicas, así como os principios elementais dalgúns fenómenos físicos.
2. Coñecer e aplicar algúns criterios para estudar e clasificar algúns materiais polas súas propiedades.
3. Efectuar experiencias e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizándoas, extraendo conclusións e comunicando resultados.
4. Coñecer a utilización humana dos recursos naturais da Terra identificando algúns recursos físicos empregados na vida cotiá, e a necesidade de conservar estes recursos, especialmente a auga.
5. Coñecer os efectos dalgúns tipos comúns de contaminación e como as persoas os podemos previr ou reducir.
6. Valorar a importancia de facer un uso responsable das fontes de enerxía.

Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas.

1. Coñecer algúns tipos de máquinas e aparatos que se utilizan na vida cotiá e a súa utilidade.
2. Planificar a construción de obxectos e aparatos cunha finalidade previa utilizando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, e realizala, coa habilidade manual adecuada, combinando o traballo individual e en equipo, e presentar o obxecto construído así como un informe, tendo en conta as medidas de prevención de accidentes.
3. Coñecer as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica.
4. Identificar as aplicacións diarias das máquinas na vida do ser humano e as medidas de prevención de accidentes no seu uso.
5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito eficaz e responsable.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1. Iniciación á actividade científica.

- 1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, en fontes directas ou indirectas, analízala, saca conclusións, comunica a súa experiencia reflexionando acerca do proceso seguido e comunicándoo oralmente e por escrito.



1.2. Utiliza medios propios para a observación, como instrumentos ópticos e de medida; consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.

2.1. Realiza pequenos experimentos ou experiencias, e establece conxecturas tanto de feitos que suceden dunha forma natural coma sobre os que acontecen cando se provocan.

3.1. Utiliza, de xeito adecuado, o vocabulario correspondente a cada un dos bloques de contidos.

4.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, mostrando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

4.2. Coñece e representa actividades de primeiros auxilios.

4.3. Coñece e respecta as normas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo.

5.1. Manifesta autonomía na planificación e na execución de accións e tarefas, tendo iniciativa na toma de decisións.

5.2. Presenta os traballos de xeito ordenado, clara e limpo, en soporte papel e dixital.

5.3. Realiza un proxecto e presenta un informe, utilizando soporte papel e/ou dixital e recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet...) con diferentes medios, sobre as enerxías renovables e non-renovables; comunica oralmente as experiencias realizadas, e apóiase en imaxes e breves textos escritos seguindo pautas.

Bloque 2. O ser humano e a saúde.

1.1. Observa, identifica, describe e localiza os principais órganos implicados na realización da función de relación do corpo humano (órganos dos sentidos e sistema nervioso), establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles e algúns hábitos de saúde.

2.1. Identifica e explica algunhas características do funcionamento do corpo humano: células, tecidos, órganos, aparatos e sistemas; localizándoos, identificándoos segundo forma, estrutura e funcións.

3.1. Recoñece e explica estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e o mantemento dos diferentes órganos e aparatos.

3.2. Identifica e explica hábitos saudables para previr enfermidades, e mantén unha conduta responsable.

3.3. Coñece e explica algúns avances da ciencia que melloran a saúde.

3.4. Coñece e utiliza técnicas de primeiros auxilios e represéntaas en situacións simuladas.

3.5. Manifesta autonomía na planificación e na execución de accións e tarefas, e desenvolve iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.



Bloque 3. Os seres vivos.

1.1. Define e comprende o concepto de medio natural.

1.2. Coñece e relaciona a estrutura e a fisioloxía das plantas, describindo as principais características da fotosíntese e recoñecendo a súa importancia para a vida no planeta.

2.1. Observa e identifica as principais relacións entre os seres vivos, describindo as principais características das cadeas alimentarias: poboacións, comunidades e ecosistemas.

3.1. Observa, identifica e describe as características e os compoñentes dun ecosistema. Ecosistemas: pradería, poza, bosque, litoral e cidade.

4.1. Identifica e explica a relación entre o ser humano e a biodiversidade detectando e exemplificando as causas da extinción de especies.

4.2. Establece e explica a relación entre as actuacións do ser humano e a biodiversidade.

4.3. Propón accións argumentadas para evitar a extinción de especies.

5.1. Coñece as principais características da biosfera, explicando e identificando diferentes hábitats dos seres vivos.

5.2. Identifica e describe algunhas das actuacións do home que modifican o medio natural.

6.1. Mostra interese pola observación e polo estudo rigoroso de todos os seres vivos.

6.2. Manifesta hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos, e identifica as figuras de protección do medio natural.

6.3. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, e comunica de forma oral e escrita os resultados.

Bloque 4. Materia e enerxía.

1.1. Estuda e clasifica algúns materiais polas súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica).

1.2. Coñece a utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para o progreso da sociedade.

2.1. Coñece e utiliza diferentes procedementos sinxelos para a medida da masa e do volume dun corpo, e identifica e explica fenómenos observables en termos de diferenzas de densidade.

2.2. Identifica as principais características da flotabilidade de determinados corpos nun medio líquido e úsaas para explicar algún fenómeno físico observable en termos de diferenzas de densidade.



2.3. Identifica e expón as principais características das reaccións químicas (combustión...) e separa os compoñentes dunha mestura mediante métodos como a filtración, evaporación, etc.

2.4. Identifica e explica diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.

2.5. Realiza sinxelas experiencias para predicir cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos, por efecto das forzas ou das achegas de enerxía.

2.6. Respecta as normas de uso, seguridade e conservación dos instrumentos e dos materiais de traballo.

3.1. Identifica os principais usos e aplicacións, en distintas actividades da sociedade actual de materiais elaborados ao aplicar as novas investigacións científicas ao desenvolvemento tecnolóxico: papel, pinturas, fibras, plásticos, cerámicas e aliaxes.

3.2. Identifica e explica as diferenzas entre as fontes de enerxías renovables e as non-renovables, e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sustentable e equitativo.

4.1. Identifica e explica os efectos dalgúns tipos comúns de contaminación, e expón algunhas das accións coas que podemos previla ou reducilas.

Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas.

1.1. Identifica algunha das aplicacións dos obxectos e das máquinas, e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.

1.2. Le e expón biografías de investigadores, inventores e científicos.

1.3. Coñece os avances da ciencia no fogar e na vida cotiá (electrodomésticos, alimentos, residuos, fibras téxtiles...), na cultura e no ocio, na arte (pinturas e colorantes), na música, no cine e no deporte.

2.1. Observa e analiza operadores para obter información da súa utilización na construción dun aparato.

2.2. Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (ponte, tobogán, escaleira, etc.).

2.3. Utiliza os recursos proporcionados polas tecnoloxías da información para buscar información de xeito guiado, comunicala e colaborar na realización dun proxecto.

3.1. Usa de xeito autónomo o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, etc.).

3.2. Toma conciencia da necesidade de controlar o tempo de entretemento coas tecnoloxías da información e da comunicación, e do seu poder de adicción.



3.3. Elabora un informe como técnica para o rexistro dun plan de traballo, comunicando, de forma oral e escrita, as conclusións.

RECURSOS

HUMANOS:

- Profesora, alumno/a e familia.

MATERIAIS.

- Libro do alumno/a e caderno para a realización de actividades.
- Guía de recursos e libro do profesor.
- Dicionario.
- Láminas e fotografías.
- Mapas.
- Xornais e revistas.
- Fichas de reforzo, ampliación e avaliación.
- Pizarra dixital, internet.
- Biblioteca de aula e de Centro.
- Materiais doutras editoriais.
- Xogos.

OUTROS MATERIAIS

- Fotocopiadora, escáner e impresora.
- Diverso material do laboratorio, da casa, do exterior...



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao

Rúa PARAÍSO s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881880883 secretaria 881880



ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>

TEMPORALIZACIÓN

UNIDADE	TEMAS	TEMPORALIZACIÓN
	Avaliación inicial	do 9 ao 17 de setembro
1	OS SERES VIVOS	do 20 de setembro ao 29 de outubro
2	OS ECOSISTEMAS	do 1 de novembro ao 21 de decembro
3	AS FUNCIÓNS VITAIS DO SER HUMANO	do 10 de xaneiro ao 11 de febreiro
4	A SAÚDE	do 14 de febreiro ao 25 de marzo
5	A MATERIA E A ENERXÍA	do 28 de marzo ao 29 de abril
6	MÁQUINAS E AVANCES CIENTÍFICOS E TÉCNICOS	do 2 de maio ao 3 de xuño
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 6 ao 21 de xuño



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao

Rúa PARAÍSO s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881880883 secretaria 881880

ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaordes/>



ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

OBXECTIVOS DA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

1. Desenvolver o interese pola busca de información utilizando tanto a lectura como as TIC.
2. Participar en actividades de grupo de modo construtivo, responsable e solidario, respectando os principios básicos establecidos.
3. Adoptar unha actitude de respecto e valoración das achegas propias e dos demais, en función dos obxectivos comúns.
4. Promover situacións de encontro, comunicación, coñecemento e comprensión cos demais, como base da empatía, a simpatía, o respecto mutuo e a solidariedade.
5. Coñecer a orixe do universo e os seus compoñentes.
6. Definir características do sistema solar e identificar tipos de astros e algunhas das súas características.
7. Descubrir os movementos da Terra e as súas consecuencias.
8. Nomear as capas da Terra segundo a súa estrutura e algunhas das súas características.
9. Descubrir características da Lúa e os movementos que realiza. Nomear as fases lunares e as súas características.
10. Coñecer as diferentes formas de representar a superficie terrestre.
11. Iniciarse na interpretación de escalas e signos convencionais en planos e mapas sinxelos.
12. Coñecer os conceptos de paralelos, meridianos e coordenadas gráficas.
13. Identificar as zonas climáticas do mundo e os tipos de climas en España e Galicia identificando algunhas das súas características básicas.
14. Coñecer os factores que causan o cambio climático.
15. Coñecer a constitución española como eixe do Estado español.
16. Coñecer a monarquía parlamentaria e as funcións do rei así como a forma de sucesión da coroa en España.
17. Coñecer as Institucións políticas máis importantes de España e as súas funcións.
18. Recoñecer a organización territorial do Estado español distinguindo as distintas administracións: municipal, provincial e autonómica.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao

Rúa PARAÍSO s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881880883 secretaria 881880

ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>



-
19. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español.
 20. Identificar os trazos característicos da poboación española e galega.
 21. Coñecer os movementos migratorios da poboación.
 22. Coñecer os feitos fundamentais da Historia de España e de Galicia en diferentes espazos e tempos: Idade Media e Idade Moderna.
 23. Coñecer a influencia da civilización árabe en España.
 24. Describir o reinado dos Reis Católicos.
 25. Recoñecer as tres culturas: musulmá, xudía e cristiá.
 26. Coñecer as achegas artísticas e culturais do Século de Ouro español.
 27. Explicar causas e consecuencias da Guerra de Sucesión e do Tratado de Utrecht.
 28. Definir o despotismo Ilustrado de Carlos III.
 29. Coñecer algunhas obras representativas de Goya identificando características sociais e políticas do século xviii.

COMPETENCIAS CLAVE

1. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia na área curricular de Ciencias Sociais implica a habilidade progresiva para poñer en práctica os procesos e actitudes propios da análise sistemática e de indagación científica: identificar e considerar problemas relevantes, formular preguntas, localizar, obter, analizar e representar información... considerar e contrastar solucións... e todo iso, en contextos tan variados como sexa posible. O desenvolvemento desta competencia nesta área leva consigo utilizar nos ámbitos persoal e social diferentes elementos razoamentos matemáticos para dar unha mellor resposta aos contextos cotiáns nos que nos encontremos.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.

Tomar conciencia dos cambios producidos polos seres humanos no medio natural e as repercusións para a vida futura.



Xerar criterios persoais sobre a visión social sobre a estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.

Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.

Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.

Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.

Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.

Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

2. Comunicación lingüística

O desenvolvemento da competencia lingüística na área de Ciencias Sociais lévanos a adestrar diferentes destrezas e habilidades que supoñen establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno, e achegarse a novas culturas que adquiren consideración e respecto na medida que se coñecen. Esta competencia está presente na capacidade efectiva de convivir e resolver conflitos.

A utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, de interpretación, de comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento favorecerá un maior desenvolvemento lingüístico no alumnado, apuntando a usar de modo funcional, polo menos unha lingua estranxeira.

Os descritores que utilizaremos serán:

Comprender o sentido dos textos escritos.

Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...

Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.

Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.

Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...

Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.

Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.



3. Competencia dixital

A competencia dixital desde a área de Ciencias Sociais comportará facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para avaliar e seleccionar novas fontes de información para comprender a realidade social na que vivimos contribuíndo á mellora. Esta competencia axudaranos a transformar a información en coñecemento para aplicalo en distintas situacións e contextos nos que o alumnado se vaia encontrando.

Na área de Ciencias Sociais adestraremos os seguintes descritores:

Empregar distintas fontes para a busca de información.

Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.

Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.

Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.

Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Aplicar criterios éticos no uso da tecnoloxías.

4. Conciencia e expresións culturais

A área de Ciencias Sociais, axudaranos a coñecer o mundo no que vivimos, afondar no coñecemento da nosa sociedade, comprender a realidade histórica e social do noso contorno. Esta competencia implica poñer en xogo habilidades de pensamento diverxente e converxente, comporta reelaborar ideas, sentimentos propios e alleos... para poder comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións de diferentes manifestacións culturais.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.

Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.

Apreciar a beleza das expresións artísticas e na vida cotiá.

Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.



5. Competencias sociais e cívicas

A área de Ciencias Sociais incide na comprensión da realidade social na que se vive, entre outras. Esta competencia axudaranos a desenvolver a comprensión sobre os trazos da sociedade actual, a súa crecente pluralidade e o seu carácter evolutivo. Desenvólvese tamén en mostrar un sentimento de cidadanía global compatible coa identidade local.

Así mesmo, forman parte desta competencia aquelas habilidades sociais que permiten saber que os conflitos de valores e intereses forman parte da convivencia, resolvelos con actitude construtiva e tomar decisións con autonomía, empregando unha escala de valores construída mediante a reflexión crítica e o diálogo duns patróns culturais básicos, polo que o adestramento de cada un dos descritores que enunciarnos a continuación nos pode facilitar o adestramento:

Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.

Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de Dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución española.

Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.

Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.

Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

Involucrarse ou promover accións cun fin social.

6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor

A área de Ciencias Sociais axudará a desenvolver o sentido da iniciativa do alumnado a través de fomentar a transformación de ideas en accións, é dicir, propoñerse obxectivos, planificar e levar a cabo proxectos. Isto lévanos a adestrar actitudes positivas cara ao cambio e a innovación; habilidades relacionadas co liderado de proxectos que inclúen visión, espírito de superación, habilidades para o diálogo e cooperación, organización de tarefas...



Neste caso, os descritores a adestrar serían:

Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.

Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.

Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.

Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.

Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.

7. Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender axúdanos a ser conscientes de como se aprende, de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe. Esta competencia fai necesaria a perseveranza na aprendizaxe, capacidade de autoavaliarse e autorregularse sabendo administrar o esforzo, aprendendo dos erros dun mesmo e dos demais, incidindo en formulacións de metas alcanzables a curto, medio e longo prazo elevando de forma progresiva e realista os obxectivos de aprendizaxe.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.

Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.

Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao

Rúa PARAÍSO s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881880883 secretaria 881880

ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>



METODOLOXÍA

Traballar de xeito competencial na aula, supón un cambio metodolóxico importante, o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto na área de Ciencias Sociais:

Intégranse diversas disciplinas que estudan ás persoas como seres sociais e a súa realidade nos seus aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. O obxectivo das Ciencias Sociais é aprender a vivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva. Por iso, os alumnos han de iniciarse en coñecer, utilizar destrezas e estratexias para poder dar resposta a aquilo que se lles pide e que consigan o proposto.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área os alumnos iníciase en poñer en práctica os novos coñecementos, experimentar e comprobar a súa necesidade e utilidade reflexionando sobre o aprendido e sacando conclusións para a súa vida. Por iso, o traballo en grupo colaborador será un dos piares para adestrar cuestións de habilidades sociais e aspectos de contido que axudarán a consolidar aínda máis todo o traballado.

Os contidos da área de Ciencias Sociais están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real, será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS

Bloque 1. Contidos comúns.

Iniciación ao coñecemento científico e a súa aplicación nas Ciencias Sociais.

Recollida de información do tema a tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).

Utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar e seleccionar información e presentar conclusións.

Desenvolvemento de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información obtida mediante diferentes métodos e fontes.

Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficas.

Técnicas de traballo intelectual.

Estratexias para desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao

Rúa PARAÍSO s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881880883 secretaria 881880

ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>



Fomento de técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias Sociais (de carácter social, xeográfico e histórico).

Utilización de estratexias para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo.

Uso e utilización correcto de diversos materiais cos que se traballa.

Planificación e xestión de proxectos co fin de alcanzar obxectivos. Iniciativa emprendedora.

Estratexias para a resolución de conflitos, utilización das normas de convivencia e valoración da convivencia pacífica e tolerante.

Bloque 2. O mundo que nos rodea.

O universo: concepción, compoñentes e orixe.

O sistema solar: Sol, planetas, satélites, asteroides, meteoritos, cometas e estrelas fugaces.

A Terra: forma, aspecto e composición. Movementos e as súas consecuencias: a rotación terrestre. Eixe e polos xeográficos. O día e a noite. O movemento de translación da Terra. As estacións. A capas da Terra.

A Lúa: movementos lunares de órbita arredor da Terra e rotación propia.

Fases lunares. Influencia da Lúa sobre a Terra: eclipses e mareas.

A representación da Terra:

O globo terráqueo, identificación dos polos, o eixe e os hemisferios.

O Planisferio: físico e político.

Os mapas: físicos, políticos e temáticos. As escalas dos mapas: a escala gráfica e a escala numérica.

Puntos da Terra, os paralelos e os meridianos.

Coordenadas xeográficas: latitude e lonxitude.

O clima. Elementos e factores climáticos.

As grandes zonas climáticas do planeta.

Os tipos de climas de España e do seu contorno próximo e características.

Especies vexetais propias de cada zona climática de España.

O cambio climático: causas e consecuencias.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao

Rúa PARAÍSO s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881880883 secretaria 881880

ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>



Bloque 3. Vivir en sociedade.

A Organización política do Estado español:

Leis máis importantes: a Constitución 1978. Estatutos de autonomía.

Forma de Goberno. A monarquía parlamentaria.

Poder legislativo: Cortes Xerais.

Poder executivo: Goberno

Poder xudicial: tribunais de xustiza: Tribunal Constitucional. Tribunal Supremo.

Os símbolos do Estado Español.

Organización territorial: Estado español. comunidades autónomas, cidades autónomas, provincias e municipios que forman España. Territorios e órganos de goberno.

Manifestacións culturais e lingüísticas dos territorios que forman o territorio español.

Demografía. Poboación absoluta. Densidade de poboación.

Variables demográficas (natalidade, mortalidade, migracións...).

Distribución espacial e crecemento natural e crecemento real da poboación. Representación gráfica. Pirámides de poboación, gráficos de barras e diagramas circulares.

Poboación de España e de Galicia: distribución e evolución.

Os movementos migratorios. O éxodo rural.

Poboación de Europa: distribución e evolución.

Bloque 4. As pegadas do tempo.

A Idade Media. Reinos peninsulares.

As invasións xermánicas e o reino visigodo.

Al-Ándalus: evolución política, economía, organización social, tradicións, relixión, cultura, ciencias e arte. O seu legado cultural.

Os reinos cristiáns: a súa orixe e proceso de formación, o período da Reconquista e a repoboación, a organización social, o Camiño de Santiago, arte e cultura.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao

Rúa PARAÍSO s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881880883 secretaría 881880

ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/>



A convivencia das tres culturas: musulmá, xudía e cristiá.

A Idade Moderna: A Monarquía Hispánica.

O Reinado dos Reis Católicos: a unión dinástica, a conquista de Granada, a expulsión dos xudeus, o descubrimento de América.

O auxe da monarquía hispánica no século XVI durante os reinados de Carlos I e Felipe II; a organización do Imperio; os problemas internos e externos.

A decadencia do imperio no século XVII.

Renacemento e Barroco: as grandes figuras do Século de Ouro.

A Guerra de Sucesión e o tratado de Utrecht.

A Ilustración.

O despotismo ilustrado de Carlos III.

Goya e o seu tempo.

Galicia na Idade Media e na Idade Moderna.

AVALIACIÓN

- Perseverancia na responsabilidade.
- Adquisición de responsabilidade con compromisos persoais.
- Rendemento relacionado coas capacidades, con axuda e estratexias.
- Interese e disfrute no campo da aprendizaxe.
- Capacidade de reflexionar e aplicar o aprendido en contextos diversos.
- Actitude de escoita e valoración das opinións dos demais.
- Grao de cumprimento das normas.
- Actitude positiva hacia o traballo individual e en grupo.
- Rendemento nas tarefas individuais e grupais.
- Proba de avaliación inicial.
- Proba de avaliación correspondente a cada unidade.
- Seguimento da avaliación continua.



CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Contidos comúns

1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).
2. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para obter información aprender e expresar contidos sobre Ciencias Sociais.
3. Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.
4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, mostrando habilidade para traballar tanto individualmente como de xeito colaborador dentro dun equipo.
5. Valorar o traballo en grupo, mostrando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.
6. Respetar a variedade dos diferentes grupos humanos e valorar a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.
7. Participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social creando estratexias para resolver conflitos.
8. Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos.
9. Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor, aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.
10. Desenvolver actitudes de cooperación e de traballo en equipo, así como o hábito de asumir novos roles nunha sociedade en continuo cambio.

Bloque 2. O mundo que nos rodea.

1. Explicar como é e de que forma se orixinou o universo e os seus principais compoñentes.
2. Describir as características principais do sistema solar, identificar diferentes tipos de astros e as súas características, situando ao planeta Terra no sistema solar.
3. Explicar os movementos da Terra e as súas consecuencias, asociando as estacións do ano para o efecto combinado da translación da Terra arredor do Sol, da inclinación do eixe de rotación e da proximidade ou distancia do Sol, e describindo a secuencia día-noite como efecto da rotación da Terra.



-
4. Identificar as capas da Terra segundo a súa estrutura, xa sexa interna ou externa, explicando algunhas das súas características básicas.
 5. Explicar características da Lúa e dos movementos que realiza, identificando as fases lunares e as súas consecuencias.
 6. Explicar as distintas formas de representar a superficie terrestre.
 7. Describir correctamente planos e mapas sinxelos interpretando a súa escala e signos convencionais situando correctamente os elementos xeográficos.
 8. Identificar e manexar os conceptos de paralelos, meridianos e coordenadas xeográficas.
 9. Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.
 10. Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos climas de España e de Galicia, e as zonas as que afecta cada un deles identificando algunhas das súas características básicas.
 11. Explicar os trazos máis destacados das temperaturas e das precipitacións dos climas de España e de Galicia, identificando algunha especie vexetal propia de cada zona climática.
 12. Explicar as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio climático.

Bloque 3. Vivir en sociedade.

1. Explicar a importancia que ten a constitución para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nesta.
2. Identificar a monarquía parlamentaria como forma de goberno e recoñecer a figura do rei, as súas funcións e a forma de sucesión da coroa en España.
3. Identificar as institucións políticas máis importante de España e cales son as súas funcións así como os distintos dereitos e liberdades recollidos na constitución.
4. Describir a organización territorial do Estado español, distinguindo a administración municipal, provincial ou autonómica, así como as súas atribucións administrativas.
5. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español, respectando as diferenzas.
7. Comprender os principais conceptos demográficos e a súa relación cos factores xeográficos, sociais, económicos ou culturais.
8. Distinguir os principais trazos da poboación española e galega, explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica, representándoa graficamente.



9. Analizar os movementos migratorios da poboación española.

Bloque 4. As pegadas do tempo.

1. Identificar os feitos fundamentais da Historia de España e de Galicia na Idade Media, situándoos no espazo e o tempo.
2. Describir as etapas históricas máis importantes da Idade Media na península ibérica.
3. Explicar a influencia da civilización árabe en España especificando o seu legado artístico, cultural e económico.
4. Explicar o proceso de reconquista relacionándoo coa estrutura social e política dos reinos cristiáns.
5. Describir as singularidades das tres culturas: musulmá, xudía e cristiá.
6. Describir o reinado dos Reis Católicos, definíndoo como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.
7. Identificar os aspectos básicos da Historia de España e de Galicia na Idade Moderna localizándoos no espazo e o tempo.
8. Explicar a evolución e a expansión da monarquía hispana durante o século xvi, diferenciando os reinados de Carlos I e de Felipe II.
9. Enumerar as principais transformacións que se produciron en España durante a Idade Moderna distinguindo os diferentes ámbitos: económico, social, político e cultural.
10. Avaliar os prexuízos ocasionados pola intolerancia social e relixiosa, relacionándoos coa reinstauración da Inquisición, a expulsión dos xudeus e a dos mouriscos.
11. Explicar as causas da decadencia do Imperio durante o século xvii.
12. Describir as grandes achegas artísticas e culturais do Século de Ouro español, identificando os seus representantes máis destacados nos diferentes ámbitos da cultura e da arte.
13. Describir as causas e consecuencias da Guerra de Sucesión e o Tratado de Utrecht.
14. Describir a máxima expresión en España do despotismo Ilustrado con Carlos III.
15. Analizar e comentar unha serie de obras representativas da produción de Goya identificando a través delas algunhas características sociais e políticas do século xviii.



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1. Contidos comúns.

1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, reflexiona acerca do proceso seguido e comunícaa oralmente e por escrito.

2.1. Utiliza a Tecnoloxías da Información e a Comunicación (Internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.

2.2. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

3.1. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de xeito ordenado, claro e limpo.

3.2. Utiliza con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.

3.3. Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos.

4.1. Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.

5.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e mostra habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

5.2. Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.

6.1. Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.

7.1. Participa dun xeito eficaz e construtivo na vida social e crea estratexias para resolver conflitos.

7.2. Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e ámbitos (escola, familia, barrio etc.).

8.1. Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, e fomenta os valores democráticos.

9.1. Mostra actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que o rodean.

9.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

10.1. Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.



10.2. Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.

Bloque 2. O mundo que nos rodea.

1.1. Describe como é e de que forma se orixinou o universo, explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.

2.1. Describe as características, compoñentes e movementos do sistema solar, localizando o Sol no centro deste e os planetas segundo a súa proximidade.

2.2. Describe a localización da Terra no sistema solar.

2.3. Explica a forma e algunhas características da Terra vista desde o espazo.

3.1. Define o movemento de translación terrestre, o eixe de xiro e os polos xeográficos e asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado.

3.2. Identifica as estacións, fixa a súa duración, e describe a luz solar nelas e os seus efectos sobre os seres vivos.

3.3. Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo.

4.1. Identifica, nomea e describe as capas da Terra, e algunhas das súas características.

5.1. Define a translación da Lúa e identifica e nomea as fases lunares.

5.2. Explica, de forma sinxela, a formación das mareas como consecuencia da influencia da Lúa sobre a Terra.

5.3. Describe a que se deben a formación das eclipses e nomea distintos tipos.

6.1. Explica as distintas formas de representación da Terra: planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.

6.2. Describe características do globo terráqueo e do planisferio.

7.1. Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas.

7.2. Define que é a escala nun mapa e distingue entre escala gráfica e escala numérica.

7.3. Interpreta e localiza en mapas, utilizando diferentes escalas, un lugar ou un conxunto xeográfico.

7.4. Utiliza e interpreta os signos convencionais máis usuais dos mapas explicando o significado dos distintos elementos que poden aparecer nel.

8.1. Explica e manexa os conceptos de paralelos e meridianos.



8.2. Localiza diferentes puntos da Terra empregando os paralelos e meridianos e as coordenadas xeográficas.

9.1. Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan o clima da súa zona.

10.1. Explica que é unha zona climática, nomea as tres zonas climáticas do planeta e describe as súas características principais.

10.2. Explica por que as plantas teñen características especiais segundo a zona climática na que crecen.

10.3. Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España e de Galicia, e as zonas as que afecta cada un.

10.4. Interpreta e analiza climogramas de distintos territorios de España e relaciónaos co clima ao que pertencen.

11.1. Indica que temperaturas e que precipitacións son características de cada tipo de clima en España e en Galicia.

11.2. Identifica algunha especie vexetal propia de cada zona climática de España.

12.1. Observa e describe os efectos do cambio climático e as accións necesarias para combatelo.

Bloque 3. Vivir en sociedade.

1.1. Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na constitución.

1.2. Explica a importancia que a constitución ten para o funcionamento do Estado español.

2.1. Recoñece a figura do rei e as súas funcións como xefe do Estado e explica como é a sucesión do rei nunha monarquía parlamentaria.

3.1. Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as funcións recollidas na constitución para cada un deles.

3.2. Explica as funcións do Goberno e a súa composición e recoñece a importancia da súa toma de decisións en asuntos que afectan todo o Estado.

3.3. Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización.

3.4. Describe a bandeira e o escudo de España e de Galicia.



4.1. Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as cidades autónomas e as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias.

4.2. Identifica os distintos tipos de eleccións como unha forma de participar no funcionamento do municipio, da comunidade autónoma, da cidade autónoma e de España.

5.1. Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.

5.2. Identifica as tradicións e costumes de Galicia, as súas características, as súas orixes e o seu significado.

6.1. Define demografía, comprende os principais conceptos demográficos e calcúlaos a partir dos datos de poboación.

6.2. Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.

7.1. Describe os principais trazos da poboación española.

7.2. Describe os principais trazos da poboación galega.

7.3. Explica o proceso da evolución da poboación en España e en Galicia e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.

7.4. Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e galega.

7.5. Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas.

7.6. Realiza gráficos comparativos con datos de poboación de España e Galicia e describe cales son os factores demográficos do crecemento da poboación.

8.1. Recoñece a importancia das migracións no mundo e no noso contorno.

8.2. Explica o éxodo rural, a emigración a Europa e a chegada de emigrantes ao noso país.

8.3. Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración, etc.



Bloque 4. As pegadas do tempo.

1.1. Localiza no espazo e o tempo os feitos fundamentais da Historia de España e de Galicia na Idade Media.

2.1. Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media na península ibérica: reino visigodo, Al-Ándalus e os reinos cristiáns.

2.2. Representa nunha liña do tempo os principais feitos históricos relativos a Al-Ándalus.

2.3. Localiza nunha liña do tempo os principais feitos históricos relativos aos reinos cristiáns.

3.1. Describe o legado artístico, cultural, e económico do Al-Ándalus.

4.1. Explica o proceso da reconquista e repoboación dos reinos cristiáns.

4.2. Describe a importancia do Camiño de Santiago.

4.3. Explica como estaba estruturada a sociedade na Idade Media e a súa relación coa propiedade da terra como símbolo de poder.

5.1. Explica a importancia da convivencia das tres culturas como un elemento enriquecedor para a cultura hispana.

5.2. Identifica a Escola de Tradutores de Toledo como lugar de encontro de sabios e intelectuais das tres culturas e explica por que foi tan importante.

6.1. Describe os feitos máis destacados do reinado dos Reis Católicos.

6.2. Sitúa nunha liña de tempo os feitos máis relevantes do reinado dos Reis Católicos.

7.1. Explica as causas que motivaron as grandes expedicións marítimas.

7.2. Localiza nunha liña de tempo os monarcas da dinastía da Austria que reinou en España durante os séculos XVI e XVII.

8.1. Explica os feitos máis importantes dos reinados de Carlos I e Felipe II.

8.2. Identifica os territorios que abranguía a monarquía hispánica durante o reinado de Carlos I e durante o reinado de Felipe II.

8.3. Localiza nun mapa os territorios europeos que comprendía o imperio hispánico en tempos de Carlos I.

9.1. Enumera as principais transformacións sociais, económicas, políticas e culturais que se produciron na Idade Moderna.

9.2. Describe a estrutura social dos territorios peninsulares nos séculos XVI e XVII.



10.1. Avalúa os prexuízos ocasionados pola intolerancia social e relixiosa dos Reis Católicos e os Austrias.

11.1. Describe os acontecementos que marcaron o declive do imperio español cos Austrias menores.

12.1. Explica as características principais do Século de Ouro.

12.2. Recoñece os personaxes clave do século de Oro e as súas achegas culturais e artísticas.

12.3. Describe as achegas das principais figuras do barroco español: Velázquez, Murillo, etc.

13.1. Recoñece os bandos contendentes na Guerra de Sucesión e analiza as consecuencias do Tratado de Utrecht.

14.1. Describe as características xerais do reinado de Carlos III, do Despotismo Ilustrado e o seu significado.

15.1. Identifica algunhas características sociais e políticas do século XVIII a través do estudo e a análise dalgunhas das obras máis representativas da produción de Goya.

RECURSOS

HUMANOS:

- Profesora, alumno/a e familia.

MATERIAIS.

- Libro do alumno/a e caderno para a realización de actividades.
- Guía de recursos e libro do profesor.
- Dicionario.
- Láminas e fotografías.
- Mapas.
- Xornais e revistas.
- Fichas de reforzo, ampliación e avaliación.
- Pizarra dixital, internet.
- Biblioteca de aula e de Centro.
- Materiais doutras editoriais.
- Xogos.



OUTROS MATERIAIS

- Fotocopiadora, escáner e impresora.
- Diverso material do laboratorio, da casa, do exterior...

TEMPORALIZACIÓN

UNIDADE	TEMAS	TEMPORALIZACIÓN
	Avaliación inicial	do 9 ao 17 de setembro
1	O SISTEMA SOLAR	do 20 de setembro ao 29 de outubro
2	O RELEVO E OS RÍOS DE ESPAÑA	do 1 de novembro ao 21 de decembro
3	O CLIMA	do 10 de xaneiro ao 11 de febreiro
4	AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS	do 14 de febreiro ao 25 de marzo
5	A IDADE MEDIA	do 28 de marzo ao 29 de abril
6	A IDADE MODERNA	do 2 de maio ao 3 de xuño
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 6 ao 21 de xuño



ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

OBXECTIVOS DA ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

1. Fomentar a percepción e a interpretación persoal dos estados de ánimo, as emocións e os sentimentos propios e alleos integrando as características físicas e as calidades persoais para incrementar a satisfacción persoal.
2. Desenvolver o autocontrol de forma autónoma, afrontar as dificultades e emprender accións salvando os problemas e superando os sentimentos negativos que experimenta.
3. Participar en tarefas colaboradoras desafiante que promovan a motivación e o afán por conseguir logros persoais e grupais e desenvolvendo ao máximo o seu potencial.
4. Adquirir habilidades de organización para a realización de tarefas escolares que promovan a responsabilidade.
5. Coñecer pautas básicas de actuación para previr accidentes no fogar e aplicarse os primeiros auxilios a si mesmo en situacións cotiás.
6. Aprender a utilizar estratexias de comunicación non verbal, integrándoas dentro da mensaxe verbal que se intenta transmitir establecendo unha conexión entre ambas as dúas linguaxes.
7. Crear ideas e opinións sobre cuestións diversas a partir das ideas achegadas por outras persoas.
8. Utilizar o pensamento de perspectiva e as habilidades de escoita, tales como o reforzo, a reestruturación e o reflexo de sentimentos, para comprender os demais.
9. Recoñecer prexuízos culturais a través do coñecemento, a resolución e a creación de dilemas morais.
10. Analizar diversas formas de discriminación que permitan interiorizar as directrices da Declaración Universal dos Dereitos Humanos en canto á igualdade entre homes e mulleres, a repartición de tarefas no fogar e o coidado familiar.
11. Comportarse de acordo coas normas de convivencia establecidas implicándose na xestión democrática destas.
12. Comunicar pensamentos, criterios e propósitos persoais de forma positiva utilizando diferentes estratexias de cooperación.
13. Experimentar actitudes de colaboración e axuda entre iguais para desenvolver un grao de confianza mutua e a solidariedade que asegure a boa convivencia.
14. Resolver situacións de conflito, a través da mediación non formal, utilizando a oportunidade de aprendizaxe e de crecemento persoal que nos brinda o conflito.



15. Coñecer e expresar aquelas características e valores cívicos máis importantes da sociedade democrática, que aseguran os principios de convivencia da Constitución española.

16. Tomar conciencia da importancia de participar, exercendo os dereitos e os deberes que afectan á participación.

17. Establecer conexións entre a publicidade e o consumo reflexionando sobre a influencia que exerce a primeira sobre o segundo.

COMPETENCIAS CLAVE

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade elementos e razoamentos matemáticos para enfrontarse a aquelas situacións cotiás que os precisan. Así mesmo, esta competencia ofrece a posibilidade de empregar o razoamento lóxico, analizar e axuizar a partir de conflitos, resolución de problemas e xuízos morais, os problemas sociais e históricos.

Os descritores que podemos traballar serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.

Comunicación lingüística

Para o bo desenvolvemento desta competencia nesta área, será decisivo o fomento da lectura a través de libros e de fragmentos escollidos para comentar na aula con dúas finalidades: mellorar a



comprensión lectora e a adquisición de destrezas para a expresión escrita e adquirir identidade sobre o que significa unha sociedade cívica para favorecer o coñecemento dos valores, os dereitos e os deberes destacados nos dereitos humanos... Trataremos desde esta área que adquiran as destrezas comunicativas tanto orais coma escritas; por iso, procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas.

Os descritores que podemos utilizar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento e á vez nos ensine o seu uso responsable; a devandita competencia favorecerá dous tipos de traballo: autónomo e participativo, nos que se fomentará a identidade persoal e a relación interpersonal respectivamente desde unhas bases sólidas nas que poidan empezar a xerar os seus propios criterios sobre situacións reais da sociedade na que viven.

Na área de Valores Sociais e Cívicos podemos adestrar os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.



-
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
 - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A través desta competencia e desde esta área, posibilitase a adquisición de pautas sociais e cívicas persoais, interpersoais e interculturais para participar dunha forma eficaz e construtiva en sociedades cada vez máis diversificadas.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e do cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A área de Valores Sociais e Cívicos pídenos que se facilite a construción da identidade individual e se potencien as relacións interpersoais para favorecer a convivencia de acordo a valores cívicos socialmente recoñecidos, polo que esta competencia fomentará todos aqueles aspectos que lle axuden ao alumnado a formarse como persoas e cidadáns participativos na mellora e no desenvolvemento dunha sociedade democrática. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución española.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en contextos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.



-
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
 - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
 - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
 - Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor beneficiará o alumnado, xa que se iniciará no autoconhecimento a distintos niveis para poder desenvolver habilidades que o leven a tomar iniciativas emprendedoras que faciliten a asunción da complexa convivencia social propiciando valores de interdependencia positiva, cooperación de acordo cos valores, os dereitos e os deberes da sociedade na que se desenvolven.

Neste caso, os descritores que se deberían adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Asumir riscos no desenvolvemento de tarefas ou proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.



Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender favorece a forma en que o proceso de ensino-aprendizaxe se vai consolidando no alumnado. As metodoloxías empregadas nesta área estarán relacionadas co traballo de investigación, de forma que a participación e a implicación do alumnado sexa real así como o recoñecemento e a aceptación das normas sociais e de convivencia.

Nesta área insístitirase na relación entre o progreso persoal e o académico xa que iso supoñerá unha das bases para que se inicien na construción do seu propio proxecto persoal de vida.

Os descritores que poderíamos utilizar para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Planificar os recursos e os pasos necesarios no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

METODOLOXÍA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Valores Sociais e Cívicos:

Os alumnos han de formarse na reflexión e a vivencia dos valores ao longo de toda a Educación Primaria; para iso, deberán formarse no respecto dos dereitos humanos e Das liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que axudarán a construír a súa identidade individual para poder chegar a construír unha sociedade colectiva con valores cívicos e socialmente recoñecidos.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das



intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos iníciase no desenvolvemento da estimulación do pensamento crítico, a asimilación de valores, na toma de decisións desde xuízos morais e resolución de problemas polo que deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar as diferentes habilidades para desenvolver a capacidade de crear espazos de convivencia pacífica, democrática cuns valores socialmente recoñecidos.

Os contidos da área de Valores Sociais e Cívicos están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS

Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa.

O autoconceito. A percepción do estado de ánimo. A interpretación das emocións. A satisfacción persoal. A integración do aspecto físico na aceptación persoal.

O autocontrol. As estratexias de autorregulación emocional. A capacidade de superar a frustración. O saber manexar, afrontar e recuperarase dos sentimentos negativos.

A responsabilidade. O propio potencial. A confiabilidade como consecuencia da responsabilidade. O esforzo cara ao éxito persoal positivo para un mesmo e para os demais. As habilidades de organización para a realización das tarefas escolares.

A iniciativa. A motivación intrínseca. A capacidade para tomar decisións de forma independente. O emprendemento.

Os primeiros auxilios. A prevención de accidentes no ámbito familiar. Os primeiros auxilios a un mesmo.

Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.

As habilidades de comunicación. A postura e a distancia corporal adecuada na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo. A comunicación non verbal activa. A quenda de palabra. A entoación como recurso da expresión.

A empatía. A comprensión activa dos demais. O pensamento de perspectiva. As habilidades de escoita activa: reforzo, reestruturación, reflexo de sentimentos. O razoamento das ideas doutras persoas. A elaboración de ideas e opinións a partir das ideas e opinións doutros.



A tolerancia. As diferenzas culturais. A detección de prexuízos. A conceptualización do dilema moral. A resolución de dilemas morais.

Os dereitos e os deberes das persoas. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: igualdade de dereitos e non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. A análise de formas de discriminación. A igualdade de dereitos de homes e mulleres e a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e no coidado da familia.

Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.

As normas de convivencia. A implicación na xestión democrática das normas.

A interdependencia e a cooperación. A solidariedade. A confianza mutua. As estratexias de axuda entre iguais e a colaboración. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. O afecto compartido e desinteresado entre amigos.

A resolución do conflito. As normas básicas da mediación non formal. A comprensión do conflito como oportunidade.

Os valores sociais e a democracia. As notas características da democracia. Os valores cívicos na sociedade democrática. Os principios de convivencia na Constitución española e os símbolos comúns de España e os españois. O dereito e o deber de participar. As canles de participación.

O respecto e a conservación do medio. A análise da influencia da publicidade sobre o consumo.

AVALIACIÓN

- Perseverancia na responsabilidade.
- Adquisición de responsabilidade con compromisos persoais.
- Rendemento relacionado coas capacidades, con axuda e estratexias.
- Interese e disfrute no campo da aprendizaxe.
- Capacidade de reflexionar e aplicar o aprendido en contextos diversos.
- Actitude de escoita e valoración das opinións dos demais.
- Grao de cumprimento das normas.
- Actitude positiva hacia o traballo individual e en grupo.
- Rendemento nas tarefas individuais e grupais.
- Proba de avaliación inicial.
- Proba de avaliación correspondente a cada unidade.
- Seguimento da avaliación continua.



CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa.

1. Sentir e mostrar satisfacción persoal baseándose na autoavaliación do desenvolvemento persoal, na integración do aspecto físico e das calidades persoais e na autopercepción dos propios estados de ánimo.
2. Desenvolver capacidades para tomar decisións de forma independente, emprendendo actuacións e manexando as dificultades superando frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.
3. Desenvolver ao máximo das posibilidades o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.
4. Ser capaz de realizarse primeiros auxilios en caso de necesidade tendo en conta as medidas preventivas e valorando a importancia de previr accidentes domésticos.

Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.

1. Aplicar as estratexias de comunicación non verbal de modo adecuado ao contido verbal e realizar unha comunicación non verbal activa, utilizando coordinadamente a linguaxe verbal e o non verbal.
2. Elaborar ideas e opinións razoando e tendo en conta as dos interlocutores.
3. Realizar unha comprensión activa dos demais utilizando habilidades de escoita e empregando o pensamento de perspectiva.
4. Comprender o que é un dilema moral e resolver dilemas morais para detectar prexuízos relativos ás diferenzas culturais.
5. Comprender a declaración da igualdade de dereitos e non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social aplicándoa á análise do ámbito social.

Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.

1. Valorar a solidariedade como un elemento clave da boa convivencia, recoñecendo estratexias de cooperación e empregando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.
2. Participar na vida cívica de modo pacífico afrontando o conflito como oportunidade de aprendizaxe e de crecemento persoal.



3. Aplicar normas básicas da mediación non formal reflexionando sobre conflitos escolares habituais.
4. Implicarse na xestión democrática das normas empregando o sistema de valores persoal que se constrúe a partir dos valores universais.
5. Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres e a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e no coidado da familia, argumentando sobre a base de procesos de reflexión, síntese e estruturación.
6. Coñecer e expresar as notas características da democracia e a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática realizando razoamentos críticos, así como o significado dos símbolos nacionais, a bandeira, o escudo de España e o himno nacional, como elementos comúns da nación española e do conxunto dos españois.
7. Coñecer e respectar os valores socialmente recoñecidos, especificando os principios básicos de convivencia na Constitución española e comprendendo o dereito e o deber de participar.
8. Analizar criticamente a influencia da publicidade sobre o consumo utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa.

- 1.1. Conceptualiza as súas vivencias persoais con optimismo expresándoo na súa relación cos demais.
 - 1.2. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacións.
 - 1.3. Expresa a percepción da súa propia identidade integrando a representación que fai de si mesmo e a imaxe que expresan os demais.
 - 1.4. Representa o seu autoconcepto integrando a súa imaxe corporal e a apreciación das súas características persoais de forma construtiva.
- 2.1. Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e a formulación de propostas de actuación.
 - 2.2. Propón alternativas á resolución de problemas sociais formulados na aula.
 - 2.3. Sabe facer fronte á incerteza, o medo ou o fracaso, durante a realización de tarefas e a resolución de conflitos.
- 3.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.
 - 3.2. Encontra e explica razóns para asumir as súas responsabilidades durante a colaboración.



3.3. Xera confianza nos demais realizando unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.

4.1. Valora e expón mediante imaxes dixitais as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.

4.2. Compórtase con prudencia, de acordo coas súas propias posibilidades e limitacións e tendo en conta os riscos que leva consigo o uso de determinados materiais.

4.3. Representa en carteis e murais, elaborados mediante as tecnoloxías da información e da comunicación, o modo en que se aplicaría, a si mesmo, primeiros auxilios básicos en caso de necesidade.

Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.

1.1. Utiliza a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais e debates.

1.2. Expressa con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións.

1.3. Transmite nas conversacións o sentir do que comunica adecuadamente.

1.4. Explica os elementos que bloquean a comunicación e utiliza os elementos que contribúen ao diálogo.

2.1. Expressa publicamente o recoñecemento positivo doutras persoas durante actividades colaboradoras.

2.2. Interacciona apropiadamente con diferentes tipos de persoas.

2.3. Dialoga poñéndose no lugar do seu interlocutor e interpretándoo adecuadamente.

2.4. Elabora ideas e opinións persoais en relación coas dos seus interlocutores en traballos grupais.

3.1. escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista do que fala.

3.2. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e os pensamentos que subxacen ao que se está dicindo.

3.3. Dialoga interpretando e dando sentido ao que oe.

3.4. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse.

4.1. Expressa verbalmente o que é un dilema moral e a necesidade de tomar decisións meditadas e xustificadas desde o criterio moral na vida.

4.2. Realiza xuízos morais.



4.3. Analiza e resolve dilemas morais en situacións reais e simuladas.

4.4. Resolve dilemas morais en relación con prexuízos relativos ás diferenzas culturais.

5.1. Argumenta e expón mediante imaxes a importancia de garantir a igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

5.2. Descubre e axuíza criticamente casos próximos de desigualdade e discriminación.

5.3. Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar.

Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.

1.1. Manifesta actitudes conciliadoras favorecendo a cohesión de todos os membros da comunidade educativa.

1.2. Participa no diálogo apoiando o consenso dos valores da comunidade educativa.

1.3. Interacciona no grupo axudando a mellorar o clima de aula.

1.4. Descubre e pon de manifesto publicamente aspectos positivos da vida social no colexio.

2.1. Descubre e expón oralmente oportunidades de crecemento persoal nas situacións de conflito.

2.2. Practica a negociación cooperativa como vía para resolver conflitos en situacións informais e durante a realización de tarefas cooperativas.

3.1. Utiliza estratexias da mediación non formal para resolver os seus propios conflitos.

3.2. Resolve conflitos doutras persoas utilizando as normas básicas da mediación.

4.1. Participa na elaboración das normas do colexio.

4.2. Respecta as normas do colexio.

4.3. Dá a coñecer as normas do colexio mediante representacións dixitais.

5.1. Expón de forma argumentada, mediante carteis e murais elaborados con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación, a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres e a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e no coidado da familia.

5.2. Realiza traballos dixitais de libre creación investigando casos de falta de corresponsabilidade no coidado da familia presentados nos medios de comunicación.

5.3. Valora o uso do diálogo para a resolución de posibles conflitos nas relacións afectivas.



6.1. Expresa por escrito as notas características da democracia e a importancia de participar nun proxecto común, que se visualiza no feito de compartir uns mesmos símbolos.

6.2. Argumenta a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática en situacións de diálogo.

7.1. Descubre, valora e integra outras culturas.

7.2. Analiza os valores que constitúen a vida en común nunha sociedade democrática reflexionando sobre situacións vividas ou feitos visionados a través dos medios de comunicación.

8.1. Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario.

8.2. Reflexiona sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballos dixitais creativos.

8.3. Realiza exposicións axuizando criticamente hábitos de consumo innecesario.

METODOLOXÍA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Valores Sociais e Cívicos:

Os alumnos han de formarse na reflexión e a vivencia dos valores ao longo de toda a Educación Primaria; para iso, deberán formarse no respecto dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que axudarán a construír a súa identidade individual para poder chegar a construír unha sociedade colectiva con valores cívicos e socialmente recoñecidos.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos inicianse no desenvolvemento da estimulación do pensamento crítico, a asimilación de valores, a toma de decisións desde xuízos morais e resolución de problemas polo que deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha



forma de adestrar as diferentes habilidades para desenvolver a capacidade de crear espazos de convivencia pacífica, democrática cuns valores socialmente recoñecidos.

Os contidos da área de Valores Sociais e Cívicos están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados ao contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

RECURSOS

HUMANOS:

- Profesora, alumno/a e familia.

MATERIAIS.

- Libro do alumno/a e caderno para a realización de actividades.
- Guía de recursos e libro do profesor.
- Dicionario.
- Láminas e fotografías.
- Mapas.
- Xornais e revistas.
- Fichas de reforzo, ampliación e avaliación.
- Pizarra dixital, internet.
- Biblioteca de aula e de Centro.
- Xogos.

OUTROS MATERIAIS

- Fotocopiadora, escáner e impresora.
- Diverso material do laboratorio, da casa, do exterior...